



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

O Colexio León XIII de
Vilagarcía de Arousa
(1903-1935):

un ensaio de resposta ás
demandas educativas da
burguesía local.

Titor: Antón Costa Rico

Alumna: Kely Torres Velo

Grao en Pedagogía

Xuño 2014

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Pedagogía

TÍTULO

O Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa (1903-1935): Un ensaio de resposta ás demandas educativas da burguesía local.

TÍTULO

El Colegio León XIII de Vilagarcía de Arousa (1903-1935): Un ensayo de respuesta a las demandas educativas de la burguesía local.

TITLE

The León XIII School from Vilagarcía de Arousa (1903-1935): A test response to the educational demands of the local bourgeoisie.

CO VISTO E PRACE DO TITOR

Santiago de Compostela, de Xuño de 2014

(sinatura do titor)

COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DA LEI DE PROPIEDAD INTELECTUAL E LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DA ALUMNA

Santiago de Compostela, de Xuño de 2014

(sinatura da alumna)

RESUMO

Este Traballo de Fin de Grao (TFG) que expoñemos trátase dunha iniciación á investigación documental. O presente estudo pretende achegar unha interpretación e análise reflexiva acerca do que foi o Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa dende o 1900 ate o 1935. Imos abordar tanto aspectos que teñen que ver de maneira fundamental co colexio como a filosofía, a disciplina e a convivencia, a edificación e dotación de material, o profesorado e a mediación didáctica, como tamén outros aspectos que aínda que ocupan un segundo plano neste documento, son igualmente relevantes para entender a historia desta institución educativa, a saber: o contexto histórico-educativo e o escenario social da vila.

RESUMEN

Este Trabajo de Fin de Grado (TFG) que exponemos se trata de una iniciación a la investigación documental. El presente estudio pretende allegar una interpretación y análisis reflexiva acerca de lo que fue el Colegio León XIII de Vilagarcía de Arousa desde 1900 hasta 1935. Vamos a tratar tanto aspectos que tienen que ver de manera fundamental con el colegio como la filosofía, la disciplina y la convivencia, la edificación y la dotación de material, el profesorado y la mediación didáctica, como también otros aspectos que aun que ocupan un segundo plano en este documento, son igualmente relevantes para entender la historia de esta institución educativa, a saber: el contexto histórico-educativo y el escenario social del pueblo.

ABSTRACT

This final project dissertation which we expose it is an introduction to a documentary research. This study aims to bring you an interpretation and a reflective analysis about what was the León XIII School in Vilagarcía de Arousa from 1900 till 1935. We are going to treat aspects that deal fundamentally with the school like philosophy, the discipline and coexistence and the equipment, teachers and teaching mediation, as well as other aspects that still occupy a secondly place in this document, are equally relevant for understand the history of this educational institution, namely: the historical and educational context and social setting of the town.

Palabras chave

Historia da educación: a investigación estará ligada a este campo de estudo.

Colonia escolar: este é unha das importantes funcións do colexio que consta nos documentos oficiais e que se pretende investigar.

Colexio privado: centro de educación primaria e secundaria.

Joaquín Núñez de Couto: persoa a quen se lle debe a creación dos Colexios León XIII de Vilagarcía de Arousa e Ourense.

Vilagarcía de Arousa: localidade onde se centra o estudo.

Palabras clave

Historia de la educación: la investigación estará ligada a este campo de estudio.

Colonia escolar: esta es una de las más importantes funciones del colegio que consta en los documentos oficiales y que se pretende investigar.

Colegio privado: centro de educación primaria y secundaria.

Joaquín Núñez de Couto: persona a quien se le debe la creación de los Colegios León XIII de Vilagarcía de Arousa y Ourense.

Vilagarcía de Arousa: localidad donde se centra el estudio.

Key words

History of education: the research will be linked to this field of knowledge.

School colony: this was one of the most important functions of the school which is featured in the official documents and that we pretend to research.

Private school: primary and secondary educative institution.

Joaquín Núñez de Couto: person who has the responsible of the foundation of the León XIII Schools in Vilagarcía de Arousa and Ourense.

Vilagarcía de Arousa: municipality where the research is focused.

Índice

1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	1
1.1. Formulación xeral do problema	1
1.2. Criterios selectivos e delimitativos.....	3
1.3. Obxecto e finalidade xeral.....	4
1.4. Enunciado das hipóteses.....	4
1.5. Estado da cuestión	5
1.6. A perspectiva seleccionada no presente estudo.....	5
1.7. Plan de traballo	7
1.8. Recoñecementos.....	7
2. CONTEXTO HISTÓRICO-EDUCATIVO.....	7
2.1. A educación en Galicia de finais do século XIX e comezos do XX	8
2.1.1. As escolas privadas.....	9
3. O ESCENARIO SOCIAL: VILAGARCÍA DE AROUSA.....	10
3.1. Demografía e hábitat	10
3.2. Dinámica socio-económica.....	11
3.3. Desenvolvemento sociocultural.....	13
3.4. Precedentes histórico-educativos na vila.....	15
4. O COLEXIO E COLONIA ESCOLAR LEÓN XIII	15
4.1. A Iniciativa de Joaquín Núñez de Couto: unha creación irregular?	15
4.2. Filosofía e presupostos formativos	20
4.3. Amplitude de ensinos e programas escolares	21
4.4. Cuestións de disciplina e convivencia	24
4.5. Edificación e dotación	25
4.6. O profesorado	30
4.7. Mediación didáctica	33
5. XOSÉ NÚÑEZ BÚA: A FORMACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS PROFESORES.....	35
6. CONCLUSIÓNS	39
7. REFERENCIAS DOCUMENTAIS	39
ANEXOS	

1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Formulación xeral do problema

Con este proxecto, propoñémonos estudar a xénese e o desenvolvemento do Colexio de carácter privado e un algo singular León XIII de Vilagarcía de Arousa. Para iso será necesario retornar ao intenso rebulir que viviu a vila a nivel social e cultural durante a *Belle Époque*. Tempo no que se sentaron as bases da posterior evolución que teremos en conta na nosa ollada. Trátase dun momento de grandes cambios, a nivel local e global, nun espazo temporal entre o 1890 e o 1914 (comezo da Primeira Guerra Mundial). E non poderíamos falar deste Colexio sen nos referir ao espazo no que se inserta, preferentemente o galego, mais tamén o internacional.

No 1889 e 1900 celébranse dúas exposicións universais en París, onde o Orfeón Galego, dirixido por Pascual Veiga, obtén a medalla de ouro baixo os ferros da Torre Eiffel. A antedita torre era o símbolo dos cambios que se estaban producindo en Europa e da vangarda que ía vir coa introdución do ferro na construción. Así, unha das cidades que máis se desenvolveu durante estes tempos foi Vigo.

Conxuntamente con Vigo, outro dos territorios que se desenvolveu notablemente nestes tempos foi Vilagarcía de Arousa. De ser unha pequena vila mariñeira pasou a ser un punto industrial impulsado pola súa situación estratéxica, o mar e os intereses materiais dos estranxeiros neste pequeno recuncho do país. En ámbolos dous portos atracaban barcos que viñan de países como Suecia, Alemaña, Inglaterra e América. Comeza así un intercambio de tradicións e saberes coas xentes que viñan alén do mar. Créase o Liceo Marítimo, o Real Club de Regatas, o Cemiterio Británico e o *Vilagarcía Football Club*. Foi tal o desenvolvemento, que nas primeiras décadas do século XX xa se contaba na cidade con doce consignatarios, varios consulados, aduana de primeira clase, casino, cinematógrafo, salón de teatro, campos de *sport*, servizo de telegrafía e balneario.

Outro dos factores indispensables para o desenvolvemento arousán foi o tren. A primeira liña de ferrocarril en Galicia foi de Santiago a Vilagarcía de Arousa. As locomotoras facilitaron a chegada da *flor y nata* de Santiago de Compostela e a máis persoas de nacionalidade inglesa. Así, un dos alumnos do Colexio León XIII foi John Trulock, fillo do Director Xerente de *The West Galicia Railway Company Limited*.

Outro aspecto que non podemos esquecer, foi a chegada dos cataláns atraídos polo salgado da sardiña, o comercio de madeira para as minas de carbón dos ingleses, o dos lastros de pedra que hoxe podemos pisar na maioría das cidades europeas, e como non, o volframio necesario para a contenda europea. De feito, un dos profesores do Colexio León XIII ademais de ensinar inglés era enxeñeiro e dedicábase á extracción deste mineral nunha mina de Silleda.

Ao son desta industrialización da vila comezou o proceso de urbanización que implicou a seca das marismas, a construción de estradas, un ensanche deseñado polo afamado arquitecto Antonio Palacios, a construción da Praza, a Alameda e o edificio de Sanidade Exterior. O proceso urbanizador supuxo o cambio de nomes das rúas, a saber: o de rúa dos Ferreiros por Pai Feijóo, a do Río pasa a ser a do Calderón, a praza do Reloxo chamábase a do Sol, e o Barrio da Area denominábase como Barrio da Prosperidade.

De non terse producido esta apertura de Vilagarcía de Arousa cara o mar, a historia social, cultural e educativa da vila non tería sido a que foi, pois debido a iso fóronse configurando academias e escolas de acordo ás necesidades que tiñan as clases sociais acomodadas. Dende os máis tradicionais colexios femininos de monxas, coma o Colexio *La Sagrada Familia* e o Colexio de *Santa Teresa de Jesús*, ata unha academia fundada por un xibraltareño que revolucionou ao clero da comarca.

Martín Walpole Escalante, natural de Xibraltar abre unha academia para ensinar Inglés e “Teneduría” de Libros. Este era luterano e o Cardeal Payá y Rico alarmado polas novas que lle chegaban de Vilagarcía acerca do número de matrículas neste establecemento decide tomar cartas no asunto. Fíxolle fronte ameazando aos pais e nais con negarlles os santos sacramentos a todos aqueles que acudiran á academia e abrindo o Colexio San Acisclo. Este establecemento, tendo como director a Martín Gómez Abal convertírase no *Colegio San Agustín*. Este presbítero e profesor enviaría varias cartas ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela e ao inspector da provincia de Pontevedra denunciando a suposta situación ilegal doutro novo establecemento educativo da vila: o Colexio León XIII. O seu primeiro regulamento data do 1903, onde figura como director e fundador Joaquín Núñez de Couto. Este tamén debeu estar moi ligado ao tren, pois ao mesmo tempo que era director en Vilagarcía tamén o era do *Colegio San Luis Gonzaga* de Ourense, que co

tempo tamén se pasaría a chamar León XIII. Chegaron a constituír unha colonia escolar con sede no Colexio León XIII de Vilagarcía.

No 1923 pasaría a ser director deste centro o seu sobriño: Xosé Núñez Búa, a quen dedicaremos un apartado especial debido ao seu considerable labor intelectual e á súa vinculación sobresaínte co Galeguismo. Sabemos que nestes tempos estiveron como profesores no colexio: Manuel Rodríguez Castelao, Celestino Noya Rodríguez, Xosé María Díaz Castro e Charles Lessner. Non hai apenas documentos oficiais acerca desta época no colexio porque cando Núñez Búa tivo que escapar e exiliarse no 1936 na Arxentina por mor das represalias do franquismo, Aquilino Iglesia Alvariño, profesor tamén neste centro, encargouse de eliminar calquera documentación que puidese pór en perigo ao establecemento. El e máis Jesús Garrido collerían o relevo de Núñez Búa.

A día de hoxe, segue sen haber ningunha publicación que dea conta en profundidade do acontecido nesta institución escolar, sendo esta a principal motivación deste estudo que se propón reconstruír e afondar na historia.

1.2. Criterios selectivos e delimitativos

A relevancia e a orixinalidade deste estudo radica, como se indicou anteriormente, na ausencia de estudos en profundidade publicados sobre a historia do Colexio León XIII, polo que con esta investigación preténdese reconstruír unha parte da historia da vila de Vilagarcía de Arousa por unha banda, e por outra unha pequena parte da Historia da Educación en Galicia. O estudo resulta viable pola existencia de fontes documentais, probablemente insuficientes, tanto en arquivos históricos como en mans privadas.

Este estudo relaciónase coa Historia da Educación, de modo específico coa Historia da Educación en Galicia e, máis concretamente, no concello de Vilagarcía de Arousa. Desde un punto de vista temporal e institucional, este estudo limitarase a “reconstruír” o pasado desta escola dende a súa inauguración ata os anos previos á Guerra Civil e a indagar na influencia que puido ter no desenvolvemento socio-cultural da vila. “Reconstruír”, é dicir, neste caso presentar os trazos maiores do que o colexio foi como realidade institucional; describir o seu pasado con algunha intención interpretativa. A pesar destas limitacións, procurarase relacionar a historia desta institución co contexto histórico educativo galego e español.

1.3. Obxecto e finalidade xeral

Con este proxecto preténdese analizar, valorar e divulgar unha parte da historia do Colexio León XIII. Non se estudará esta institución educativa de forma illada, senón en relación coa historia de Vilagarcía de Arousa e coa Historia da Educación e dando conta da súa influencia na sociedade vilagarcíá. Os nosos obxectivos para acadar esta finalidade xeral son:

- Esclarecer os sucesos que marcaron o devir do Colexio León XIII dende a súa constitución ata os anos previos á Guerra Civil. Para iso, teremos que analizar o proceso de constitución do colexio e os feitos que marcaron a historia deste centro educativo nesta etapa.
- Analizar nos termos básicos as características dos procesos de ensino e aprendizaxe que tiveron lugar nesta institución. Para elo, achegarémonos á organización curricular e estudaranse os materiais didácticos, o mobiliario e a distribución de espazos no edificio, así como calquera outra información relevante neste sentido que se poda obter durante o transcurso da investigación.
- Valorar a influencia na vila de Vilagarcía do legado educativo do Colexio León XIII. Este é o obxectivo máis complexo debido á cantidade de factores que puideron favorecer o desenvolvemento cultural da vila ademais das escolas. Nesta liña analizaranse todo tipo de datos relacionados co colexio e o contexto local.
- Vincular a historia do Colexio León XIII co seu contexto histórico e educativo. Para esta tarefa tomaranse en consideración a lexislación vixente e as investigacións realizadas en torno a Historia da Educación en Galicia nesta época.

1.4. Enunciado das hipóteses

No estado actual de elaboración do proxecto resulta complexo poder esclarecer unha hipótese de partida dada a ausencia inicial de información, polo que a investigación guiarase polos obxectivos da mesma. A pesares do sinalado, propóñense de forma orientadora e provisional as seguintes propostas:

- A creación do Colexio XIII atendía ás necesidades e intereses dun determinado sector da sociedade: a burguesía local. É contrastable se analizamos o cadro de ensinanzas que impartían e temos informacións contrastadas sobre procedencias familiares do seu alumnado.
- O Colexio León XIII supuxo unha renovación das prácticas docentes no ensino de titularidade privada de Vilagarcía de Arousa.
- Algúns dos profesores que pasaron por este colexio desenvolveron unha prolífica actividade, non só como profesores, senón tamén a nivel cultural, político e literario. Isto, ademais de conferirlle un valor especial ao colexio, puido ter influído dalgún modo nas dinámicas que se desenvolvían na aula.

1.5. Estado da cuestión

Arredor do contexto histórico-educativo da época que se pretende investigar existen numerosos estudos entre os que cabe destacar o realizado por Antón Costa Rico e publicado en 1989 no libro *Escolas e Mestres*. Outro libro a ter en conta do mesmo autor é o publicado no 2004 e titulado *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Obras que se ven enriquecidas con complementarias contribucións de outros investigadores.

Sobre o escenario local existen obras publicadas, entres as cales cabe destacar o libro de Manuel Villaronga *A Vilagarcía das vellas postais: un paseo crítico pola vila que quería ser cidade (1900-1936)* e o libro costumista e de recordos biográficos *Revoeira* de Xosé Núñez Búa.

Acerca do tema central da investigación, é dicir, o proceso de constitución do colexio e o seu devir histórico non existen traballos realizados en profundidade.

1.6. A perspectiva seleccionada no presente estudo

En relación á maneira de emprender o estudo dos fenómenos relacionados co Colexio León XIII empregárase o método histórico. Deste xeito imos comezar localizando e seleccionando fontes documentais que poidan aportar información respecto aos obxectivos da investigación e continuaremos facendo unha crítica externa e interna delas para determinar a autenticidade da fonte e a veracidade do seu contido. Finalmente, procederase a realizar unha análise dos datos e unha síntese historiográfica que nos permita establecer os feitos acontecidos no pasado en relación

coas escolas e a súa influencia na sociedade vilagarcíá; en base a este proceso de análise e síntese redactaremos o informe de investigación.

No tocante á natureza dos datos empregaremos unha metodoloxía mixta analizando datos cuantitativos e cualitativos para obter unha perspectiva o máis ampla e profunda posible en relación aos obxectivos desta investigación. A metodoloxía cuantitativa utilizarase a través da análise de datos estadísticos como os relativos á demografía, economía, escolarización, alfabetización, etc. Dende o punto de vista cualitativo estudarase a información de interese que non teña carácter cuantitativo. Dada a natureza das fontes de información dispoñibles para o noso obxecto de investigación, a metodoloxía será esencialmente documental escrita.

Os datos recolleranse facendo uso de fichas de información e o seu tratamento realizarase a través dunha análise de contido, no caso dos datos cualitativos, e dun tratamento estatístico respecto dos cuantitativos.

As fontes a estudar máis relevantes atópanse no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (a partires de agora AHUS) e inclúen regulamentos do colexio, recortes de xornais, cartas dos directores dos colexios dirixidas ao reitor da universidade compostelá, cartas entre a inspección educativa da zona e o reitor, planos do edificio, inventarios de materiais didácticos e mobiliario, cadro de profesores e outros documentos de interese, aínda que tamén existe a posibilidade de que parte desta documentación teña desaparecido ou pasado a mans privadas. Coa información que aporten estas fontes poderemos coñecer o proceso de constitución do colexio e os feitos que marcaron o seu devir ata antes do 1936. A análise dos materiais didácticos e do mobiliario inventariado aportaranos información relevantes sobre as características dos procesos de ensino-aprendizaxe que tiveron lugar durante esta época.

Outra fonte de interese para este estudo é a abundante prensa publicada na vila durante o primeiro terzo do século XX, pero tamén a prensa da época de maior ámbito e os artigos de carácter histórico que se podan atopar na prensa actual. Estas publicacións pódense consultar en diversas hemerotecas públicas e privadas.

Así mesmo, outra fonte vital para a realización deste traballo é a colección privada de documentos de Daniel Garrido Castroman, fillo do último director do Colexio León XIII.

Tamén se analizará a lexislación educativa vixente na época do colexio e utilizaremos as fontes dixitais para consultar outras diversas informacións.

1.7. Plan de traballo

Logo de formular o problema, dar conta do estado da cuestión, expoñer a tipoloxía e a localización de fontes a estudar, presentaremos o seguinte plan de traballo utilizando como guía os obxectivos do proxecto e as hipóteses provisionais formuladas:

1. Localización das fontes documentais nas que se fundamentará a investigación.
2. Recollida da información de importancia en relación ao problema de investigación e aos obxectivos da mesma.
3. Análise crítico das fontes.
4. Baleirado daquela información de interese que se atope durante a recollida empregando fichas de información.
5. Análise de datos obtidos e síntese historiográfica.
6. Comprobación da validez de hipóteses provisionais presentadas neste proxecto ou das que puideran xurdir durante o seu desenvolvemento en relación aos obxectivos do mesmo.
7. Redacción do informe de investigación.

1.8. Recoñecementos

Adicar unhas liñas para expresar o meu agradecemento ás persoas que coa súa axuda colaboraron na realización deste traballo, especialmente ao Pr. Dr. Antón Costa Rico, titor deste TFG, pola orientación, seguimento e supervisión continua do mesmo.

Tamén merece especial recoñecemento polas achegas documentais Daniel Garrido Castroman, sen as cales este traballo non tería sido o mesmo.

2. CONTEXTO HISTÓRICO-EDUCATIVO

Segundo Obelleiro (1996)¹ o conxunto dos estudos de historia contemporánea de Galicia que analizan o tránsito do século XIX a comezos do XX poñen de relevo que a

¹ Obelleiro, L. (1996). Idade Contemporánea, século XIX. En Carballo, F. (Coord.), *Historia de Galicia* (pp.189-230). Santo Tirso: Norprint.

historia de Galicia veu marcada por algunha das seguintes dinámicas: emigración masiva dos galegos, a presenza aínda de sistemas de aforamento, unha estrutura social aínda moi ligada ao tempo pasado, en proceso de modificación debido ao desenvolvemento da burguesía e do movemento obreiro, a presenza de novas inquiredanzas ideolóxicas ligadas ao galeguismo, o papel controlador do ensino que lle otorgou a Lei Moyano aos clérigos, a chegada do ferrocarril a Galicia, o auxe da industria conserveira e a exportación gandeira e incipiente urbanización.

Estes acontecementos marcaron o desenvolvemento da educación en Galicia naqueles tempos.

2.1. A educación en Galicia de finais do século XIX e comezos do XX

De modo moi sintético e case sen matices pola brevidade deste texto habería que sinalar que o ensino primario se diferenciaba entre as escolas completas con mestres titulados e as escolas incompletas con mestres certificados adquiridos a través de estudos normalistas, ou en todo caso con mestres coa básica titulación elemental; unha clasificación que se cambiaría en 1910 pola de escolas primarias elementais e superiores. O ensino secundario, cun número considerable de colexios privados xunto coa universidade eran institucións vetadas para o campesiñado (Obelleiro, 1996).

A situación que atopamos na escola a finais do século XIX podémola resumir co Informe Panero de 1879 elaborado por don Manuel Panero, inspector da Coruña, que conclúe que:

1º. Os pobos na súa ignorancia descoñecen as vantaxes da educación, vendo tan só o que lles custa, polo que senten desprezo ante os gastos en educación e aforrican o máis que poden á hora de forma-los presupostos anuais de educación. 2º. As Xuntas Locais son indiferentes ás súas obrigas e situación do ensino, tendo sido mellor a súa non existencia e pola contra o aumento no número dos inspectores para poder visitar máis frecuentemente as escolas. 3º. A asistencia ás escolas é de abondo irregular, producindo como consecuencia escasos froitos que deberían aumentar ó declarar realmente obrigado o ensino para non verse privado dos dereitos civís. 4º. As cativas dotacións e os constantes retrasos nos pagamentos ós mestres resulta a causa máis determinante para o pouco celo e acerto dos mestres. 5º. O caciquismo interveu negativamente sobre os mestres e Xuntas Locais (...). 6º. É negativa a existencia da liberdade indiscriminada para a apertura de escolas (...) (Costa, 1989, p. 92)².

² Costa, A. (1989). O Informe PANERO 1879. *Escolas e mestres* (p.92). Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia.

Esa asistencia irregular a que aludía Panero non era sen importancia, pois a situación precaria das familias xunto co concepto da infancia, levaba a que os nenos non fosen nenos, senón man de obra para colaborar igual ca os adultos na economía familiar. Houbo que agardar ata o 1909³ para que a obrigatoriedade de escolarización fose recoñecida.

2.1.1. As escolas privadas

As escolas privadas eran o reflexo das preocupacións de certos sectores da sociedade. Temos abondosos exemplos destas inxerencias ao longo da Historia da Educación, tales como: as escolas de ferrado que foron o resultado da demanda alfabetizadora da poboación rural galega dunha escolarización que se adaptase ao xornal do campo, ou as sociedades de instrución fundadas por galegos no exterior que tiñan como principal tarefa fomentar o ensino mediante a creación de centros gratuítos xa que sabían do estado carencial das escolas e das esixencias que lles agardarían alén do mar aos rapaces cando tiveran que emigrar.

Non podemos esquecer que aínda que durante o primeiro terzo do século XX a sociedade galega estaba marcada por un modelo agrario tradicional baixo o xugo dos fidalgos o modelo económico da burguesía estaba petando á porta do novo século e desenvolvendo os núcleos comerciais e industriais que se situaron principalmente en vilas costeiras, lugares onde había maior número de escolas de titularidade privada.

Ata o 1902 non hai un control destas escolas xa que a Lei Moyano autorizaba a todo español, posuise ou non título académico, a dedicarse ao ensino privado (Costa, 1989)⁴.

Pero cun Real Decreto (a partires de agora RD) do 1/VII/1902 sobre control administrativo limitábase esta liberdade, pois esixía que o desexo de apertura dun centro educativo privado fose comunicado ao Director do Instituto Xeral e Técnico provincial, axuntando o cadro de ensinos (disciplinas e material científico) e documentos de afiliación do director da escola. Máis explícito é o RD 1/IX/1902 que esixía ademais: dúas copias da solicitude de apertura, un plano triplicado do local con indicación da capacidade das clases, regulamento da escola, presentación de Estatutos

³ L. de 23/VI pola que se ditan unha serie de medidas para favorecer a obrigatoriedade aínda que dunha forma moi laxa. Recuperado de: Ib. Ensino obrigatorio e gratuíto, op. Cit. (p. 60).

⁴ Ib. As escolas privadas, op. Cit. (pp. 60-61).

no caso de ser sociedades ou corporacións os propietarios, cadros de ensino, métodos, libros de textos, indicación de sistemas de premios e castigos, vacacións, certificación médica e informe da autoridade local sobre a salubridade, hixiene e seguridade do centro. Os incumprimentos desta lexislación levarían a frecuentes denuncias e reclamacións (Costa, 1989).

3. O ESCENARIO SOCIAL: VILAGARCÍA DE AROUSA

3.1. Demografía e hábitat

Segundo os *Cuadernos de Población*⁵ da Fundación BBVA (2007), no 1900 a poboación da provincia de Pontevedra era relativamente elevada, 110,3 hab./km², fronte ao 70,1 hab./km² de Galicia e a un 37,2 hab./km² de España. No tocante a distribución da poboación, Vilagarcía de Arousa atopábase entre un dos seis municipios de maior tamaño con 13.559 habitantes, detrás de Vigo, Pontevedra, A Estrada, Lalín e Silleda. Porén, se temos en conta a densidade da poboación, Vilagarcía de Arousa ocupaba o terceiro lugar dos municipios con maior densidade de poboación con 306,5 hab./km².

No tocante ao nivel educativo da poboación, atendendo aos mesmos datos que arroxa a antedita fundación, o 66,4% da poboación española era analfabeta e non tiña estudos. A situación agravábase máis aínda nas provincias galegas cun 74,3%. Existía unha diverxencia por sexos, pois había máis poboación feminina sen estudos (84,4%) ca homes (56,4%).

Segundo Costa (1989), no referido a asistencia escolar, os alumnos galegos asisten menos á escola có conxunto dos españois e sinálanse como factores desta irregularidade: o traballo infantil, o desaxuste da oferta en relación ás necesidades e expectativas do medio, a dubidosa valoración social da escola e as enfermidades infantís. Concretamente, pon de relevo que cara o 1908 había unha porcentaxe de asistencia do 65,6% mentres que en España se rexistra un 74,3%. Costa (1989) cita que Narciso de Gabriel para o 1885 rexistra unha taxa de asistencia do 58% fronte a un

⁵ Fundación BBVA. (2007). *Cuadernos Fundación BBVA: Población*. Recuperado de: http://www.fbbva.es/TLFU/dat/cd_25_poblacion_pontevedra_web.pdf

69,47% para toda España. Anota ademais que había unha maior taxa para as escolas privadas en comparanza coas públicas.

Ao respecto da matrícula escolar atendendo ao sexo, Costa (1989) amosa que o alumnado feminino tivo unha participación sempre menor ao masculino nas escolas públicas. No 1885 un 89,48% da poboación masculina estaba matriculada en escolas de titularidade pública fronte ao 42,66% da poboación feminina. Con todo, entre este ano e o 1915 experimentábase unha notable mellora, cun rexistro dun 74,34% da poboación feminina escolarizada, aínda que sempre son as porcentaxes menores se comparamos coa poboación masculina. O mesmo acontece coas escolas privadas, cun 40% e o 41% da matrícula en 1908 e en 1926 respectivamente (Costa, 1989)⁶.

Finalmente, os datos que elabora Costa (1989)⁷ no referido á evolución do analfabetismo en Galicia e no conxunto español sinalan que no 1900 en Galicia había un 69,75% da poboación que era analfabeta, da cal un 81,35% eran mulleres, mentres que no conxunto español un 63,78% da poboación era analfabeta, da cal un 71,42% eran mulleres. Un 63,62% da poboación galega de máis de 10 anos de idade era analfabeta (dos cales un 39,30% eran varóns e un 78,80% eran mulleres). As porcentaxes para a poboación de máis de sete anos de idade arrojan que un 63,80% eran analfabetos (45,21% varóns e 78,23% mulleres).

3.2. Dinámica socio-económica

Segundo os *Cuadernos de Población* da Fundación BBVA (2007) o que máis distanciaba ás provincias galegas do conxunto do país era o alto nivel de actividade que se presentaba a comezos do século XX, o que porén non quere dicir valor de produtividade. Cando en España a taxa de actividade era do 40,0% en Galicia era do 51,5% e en Pontevedra do 67,0%. A taxa de actividade das mulleres, 68,5%, era maior ca a dos homes, 65%.

Villaronga (2005)⁸ afirma que na conversión de Vilagarcía de Arousa de vila mariñeira a cidade portuaria e comercial tivo moito que ver a construción das estradas, o porto e o tren. A este respecto é oportuno sinalar que a primeira liña de ferrocarril que se inaugurou en Galicia foi a de Santiago de Compostela á Carril en

⁶ Ib. A matrícula escolar segundo sexos, op. Cit. (p. 114).

⁷ Ib. O analfabetismo en Galicia, op. Cit. (pp. 158-162).

⁸ Villaronga, M. (2005). O renacer dunha vila. *A Vilagarcía das vellas postais: un paseo crítico pola vila que quería ser cidade (1900-1936)* (pp. 95-150). Vigo: Artes Gráficas Vicus.

1873. Os terreos situados á beira da estación comezaron a estar moi solicitados, e entre o 1890 e o 1900 foron construídas as casas do que logo se chamaría o barrio da Prosperidade, por ser onde residía a burguesía. Comezou así o proceso urbanizador de Vilagarcía. No 1888 pónse en funcionamento o peirao de ferro, ao que ó pouco tempo se lle instalaría unha agulla para crear un ramal que unise a estación co peirao. Esta fora idea de Laureano Salgado, un empresario caldense que tiña unha azucreira en Portas e pretendía abrir unha fábrica de fiados e tecidos no barrio da Prosperidade. Foi él tamén quen ideou o Balneario *La Concha de Arosa*, un dos principais atractivos para os turistas que chegaban á vila. Ao balneario acudían xentes de toda Galicia. Eran persoas adiñeiradas, a maioría deles empresarios, comerciantes e profesores da universidade compostelá.

En resumidas contas, a economía de Vilagarcía estaba asentada no comercio, a hostalería, e sobre todo no porto, tanto de maneira directa (consignatarios, armadores, almacenistas) como indirecta (fábricas de serrar madeira, fundicións, elaboración de sebo e transformación de pedra e doutros materiais). Sen esquecermos de Vilaxoán, que por aquel entón era un dos principais portos pesqueiros.

A pesares de ser un concello que contaba con moitos adiantos, a realidade é que había unha gran diferenza entre o medio rural e o urbano, que os adiantos non eran tales se os comparamos co resto do estado español e con Europa, que a riqueza estaba en mans duns poucos e que moitas persoas vivían en situacións de desvantaxe social.

Aínda que a chegada do tren supuxo un adianto importante para Galicia fíxoo de maneira tardía, cun retraso de vinte e cinco anos con respecto da liña de Barcelona á Mataró. No tocante ás comunicacións, un fragmento de texto escrito por Núñez Búa⁹ (1999, p.60) déixanos claro cal era o seu estado:

Dámaso Carrasco (...) de Vilagarcía de Arousa, por mor dos seus negocios, tivo un día que falar por teléfono con Santa Uxía de Ribeira, na outra banda da Ría (...). Entrou na central de teléfonos e solicitou comunicación (...). Hai tres horas de demora (...)-informoulle a empregada. –Nin que fora Bos Aires!. –Non, con Bos Aires, pódese falar de contado. (...). Faga o favor de pedir que me poñan co 71-8401 de Bos Aires. (...). Teño que dar un recado moi urxente a Santa Uxía de Ribeira e seica está estragado o arame dende Vilagarcía. Pide co teléfono 23 e dille que procuren axiña ó

⁹ Núñez Búa, X. (1999). *Revoeira*. Vigo: Ir Indo Edicións.

patrón do Josefa e que vaia esta tarde a cargar Ó Chazo e zarpe para Vigo. (Núñez Búa, 1999, p.60).

Non todo era tan idílico como viñemos comentando, non podemos esquecer a realidade da Galicia asoballada que plasmaron Rosalía e Castelao entre tantos outros. Así acontecía no caso do comercio da salgadura. Os cataláns controlaban os medios de produción e pagábanlle aos mariñeiros con produtos de primeira necesidade ou facíanlle préstamos para que comprasen embarcacións que logo eran incapaces de pagar. Non menos importante, é o feito de que unha relevante parte do sector da burguesía galega se enriquecese transportando galegos cara as Américas. Estes burgueses tiñan embarcacións propias e acabaría sendo os consignatarios de compañías inglesas e alemás.

Tamén temos evidencias de que había traballo infantil xa que Villaronga (2005)¹⁰ documenta que no 1924, durante a ditadura de Primo de Rivera, o concelleiro e profesor Núñez Búa presentaba unha moción ao Pleno municipal de Vilagarcía lembrando a necesidade de cumprir a Lei do 1909 de Xullo¹¹ pola cal se establecía o ensino obrigatorio. Núñez Búa pedía que os nenos do concello que traballasen habían de asistir obrigatoriamente ás escolas públicas e pedíalle aos donos e directivos das fábricas unha lista dos rapaces en idade escolar que estivesen traballando.

3.3. Desenvolvemento sociocultural

O feito de transformarse a cidade de Vilagarcía de Arousa en destino turístico e como punto chave de comercio da zona fixo que agromasen toda unha serie de clubs socioculturais como o Recreo Liceo, o Salón García, o Salón Varietés, o Círculo Artístico Mercantil e o Club de Mar ónde os seus socios podían escoitar operetas, sinfonías e asistir a representacións teatrais en castelán e aínda en galego¹². Tamén contaba a cidade con cinematógrafo e salón de teatro. A chegada dos ingleses supuxo, por outra parte, a creación dos campos de *sport* e o club de fútbol.

Daquela, a vila que fora mariñeira comezou a ser o lugar por excelencia onde se reunían os intelectuais da comarca:

¹⁰ Villaronga, M. (2005). Os traballos e os días. Op. Cit. (p. 224).

¹¹ Lei de 1909 de Xuño pola cal se modificaba o artigo 7º e 8º da Lei de Instrucción Pública de 1857.

¹² Programas culturais recuperados por Patrimonio de Villagarcía:

file:///C:/Users/usuario/Downloads/programas_culturais_da_nosa_historia.pdf

Entre Rianxo e Vilagarcía facía de xeito cotiá a travesía (...), a motora Carqueixa. Viaxaban nela os que ían tomalo tren para Santiago ou para Vigo (...). Nesa motora viaxaban seguido estudantes, artistas e escritores rianxeiros: Arcos, Manoel Antonio, Dieste, Roxerius, Manolo Castelao, Sixto e, ás veces Alfonso Castelao... Estes falaban, claro está, das cousas da vila e tamén, naturalmente, das cousas propias das súas inquedanzas intelectuais. Os mariñeiros e os pasaxeiros cotiáns, de tanto oílos falar deron en “profundar” ó xeito culto. (Núñez Búa, 1999, p.33).

E nun territorio onde vivían xentes con inquedanzas culturais:

Lisardo Barreiro, ademais do fundamental –poeta- era médico e boticario. (...) Dos dous títulos universitarios, o poeta aproveitou máis o segundo, aínda que por tempadas; a pesar das incompatibilidades regulamentarias, exerceu legalmente as dúas profesións á vez. Na botica de Don Lisardo, en Vilagarcía, foron aprendices de mancebo moitos rapaces da Ría de Arousa. Algúns chegaron despois a boticarios, incluso na Pampa. A outros, (...) o escritor, inzounos de inquedanzas literarias. Ei-los casos de Julio Camba, de Manuel Lustres Rivas e de Domingo Rial Seixo, os tres fracasados aprendices de mancebo na botica de Don Lisardo. Polo verán, a botica de Barreiro convertíase en xuntoiro literario ó que acudían indíxenas afeccionados ás letras e tódolos literatos veraneantes, algúns de tanta sona como Alfredo Vicenti, Enrique Gómez Carrillo e Don Ramón del Valle Inclán. (Núñez Búa, 1999, p.84).

Tampouco podemos esquecer o importante grupo de profesores que formaron parte do Colexio León XIII. Todos eles con inquedanzas políticas, sociais e culturais, que dan boa mostra do ambiente que había naquela pequena vila, tales como: Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Xosé Núñez Búa, Joaquín Núñez de Couto, Celestino Noya, Roque Carús Falcón e Charles Lessner.

A pesares de haber un ambiente cultural moi rico, isto non era garantía de alfabetización. Segundo a Estatística Escolar de España de 1908¹³, en Vilagarcía había 1128 persoas en idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos. Non obstante, este documento non contabiliza a poboación doutras cohortes: por debaixo dos 6 anos e por riba dos 12 anos. Mais, para amosar o total de alumnado matriculado ben en escolas privadas ben en públicas, si que contan as tres cohortes, sendo un total de 754 alumnos/as. Pero, desta cifra soamente había 515 nenos/as de entre 6 a 12 anos matriculados, concretamente 405 en escolas públicas e 110 en privadas. Por outra parte, constan un total de 137 rapaces/as maiores de doce anos matriculados, dos

¹³ Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes. *Estatística Escolar de España en 1908*, (vol. II) (pp. 638-639) e (vol. III) (pp. 250-251). Madrid: Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico.

cales 73 estaban en escolas públicas e 64 en privadas. Con respecto aos menores de 6 anos, había 102 nenos/as en escolas públicas.

3.4. Precedentes histórico-educativos na vila

Na vila tradicionalmente houbera distintas institucións escolares tanto públicas, como privadas ou semipúblicas ás que neste traballo non nos imos referir. Queremos, en troques, referirnos a algún dos antecedentes próximos do Colexio León XIII en tanto que iniciativa escolar privada.

Estes precedentes histórico-educativos atopámoslos no 1880 coa Academia de Martín Walpole Escalante (natural de Xibraltar). Como era luterano, houbo todo un movemento por parte da Igrexa Católica para que os pais e nais deixaran de mandar aos seus fillos alí. Isto reflíctese nun artigo publicado no *Diario de Santiago*¹⁴ ónde acusaban ao profesor de facer propaganda da súa relixión. O Cardeal Payá y Rico ordenou que se enviaran instrucións aos párrocos da zona para que ameazaran aos pais e nais que mandaban alí aos fillos con denegarlle os Santos Sacramentos. Outra idea do cardeal foi abrir o Colexio *San Acisclo* na vila no 1879. No 1886 este mesmo colexio pasou a denominarse *San Agustín* tendo como director a Martín Gómez Abal. Este mandaríaa toda unha colección de misivas ante a apertura presuntamente ilegal do Colexio León XIII no 1908, a onde tamén podía acudir nenas. Outros colexios femininos en Vilagarcía segundo os fondos do AHUS¹⁵, foron *La Sagrada Familia* e o *Santa Teresa de Jesús*, ámbolos dous rexentados por monxas. Nestes os contidos das materias (tales como *Geometría aplicada a las labores*) estaban orientados a perpetuar o rol estereotipado de muller.

4. O COLEXIO E COLONIA ESCOLAR LEÓN XIII

4.1. A Iniciativa de Joaquín Núñez de Couto: unha creación irregular?

Non sabemos exactamente en qué ano abriu o colexio. Segundo a documentación á que puidemos ter acceso, Joaquín Núñez de Couto asina como

¹⁴ Anónimo. (20 de Maio do 1878). En dos palabras: sobre el conflicto religioso de Villagarcía. *Diario de Santiago*, p.1. Recuperado de: http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/publicaciones/numeros_por_mes.cmd?idPublicacion=93&anyo=1878

¹⁵ AHUS, Fondo Universitario Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 470, expediente 7 e 6.

director por vez primeira nun escrito que dirixe ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (a partires de agora USC) con data do 30 de setembro de 1902. Se ben na carta firma como director, no posterior regulamento¹⁶ de Vilagarcía non aparece como tal. Esta primeira incoherencia observada ímola apreciar noutros documentos posteriores dos que procuraremos dar conta. Aínda así, o regulamento ao que nos referimos dános información valiosa sobre o seu fundador. Atendendo ao mesmo, Núñez de Couto era licenciado en filosofía e letras, fora profesor no Colexio do ex *Convento de Benedictinos de Tenorio*, director da Academia Figueroa e dos Colexios *San Luis Gonzaga* de Pontevedra e Lugo, ademais de director da revista *Ecos de la Enseñanza* e profesor numerario do Instituto de Ourense.

Grazas á colaboración do persoal do Arquivo da Deputación de Ourense temos constancia de que tamén publicaba e dirixía o *Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza*¹⁷ á altura de 1899 e o *Boletín del Magisterio* varios anos máis tarde. A través destes tres artigos xornalísticos que chegamos a examinar, parece mostrárenos un Joaquín Núñez de Couto cunha ideoloxía radical-lerousista, rexeneracionista, burguesa, positivista e pragmática.

No primeiro boletín publica un artigo de especial interese para nós xa que arroxa información acerca do estado no que se atopaba a educación por aquel entonces. Destacamos as seguintes notas: a educación como inversión e non como gasto: [“(...) no debe economizarse lo que es una aspiración del país y contribuye al sostenimiento de organismos sin los cuales el Estado no puede funcionar ni cumplir sus fines, ni la patria aspirar a su anhelada regeneración”], os recortes na educación: [“Ciento veinticuatro mil pesetas suprimidas en el presupuesto de Instrucción primaria es el mayor desatino que podía cometer un ministro de Fomento español (...)”], e o interese político versus educación pública ou privada: [“Y con esto y dejar a los peones camioneros sin hogaza de pan a tanta costa ganada, se queda satisfecho el ministro

¹⁶ *Colegio León XIII Orense: Primera y Segunda Enseñanza y Carreras Especiales*. Orense: 1903. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14. O regulamento de Vilagarcía é o mesmo ca o de Ourense. Porén, o fundador de ámbolos dous colexios, tacha o nome de Ourense e pon Vilagarcía e tamén tacha o seu nome como director e pon o de Bonifacio Fariña.

¹⁷ Núñez, J. (15 de novembro do 1899). Para el Sr. Ministro de Fomento. *Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza* (p.1). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

católico. Y por este camino consigue, si le dejamos tiempo, su constante aspiración: Cerrar los establecimientos públicos de enseñanza y abrir conventos”].

No artigo publicado no *Boletín del Magisterio*¹⁸, comenta a importancia da escola non só como lugar de aprendizaxe de contidos senón tamén de valores:

El maestro (...) tiene que educar y como factor importante de la educación entra la urbanidad (...). La lectura y explicación de obras, máximas y fábulas morales, de vidas de santos y hombres célebres, como base (...) son preciosos materiales que el educador tiene a su disposición y que con arte manejados dan un resultado excelente. (...) Y la escuela y el colegio deben ser templos no solo de la ciencia y del arte, sino de la vida social, de buenas formas, de orden y de virtud. No todos los niños que a estos centros concurren reciben en el hogar doméstico lecciones de urbanidad. (...) Dedicar unos cuantos minutos diarios a la explicación y preguntas de urbanidad, ni entorpece la marcha de las clases, ni rompe el tiempo a otras enseñanzas que nunca tendrán más importancia que la de enseñar el arte de ser fino y de buenas maneras. Cumplamos pues, nuestra alta misión educadora y así regeneraremos la sociedad (Núñez, 1907, p.1).

Noutro artigo titulado *X y Z* no *Boletín del Magisterio*¹⁹ aborda cun estilo anecdótico un tema que xa se viña discutindo dende o século XVIII: metodoloxía escolástica (representada polo suxeito X) *versus* metodoloxía empirista baseada na observación e experimentación (representada polo suxeito Z). Núñez de Couto inclínase a favor desta última:

X era un niño (...) descendiente de noble (...) Z era hijo de un prolífero matrimonio burgués. (...) X (...) tenía un profesor encargado de su educación (...) que le enseñaba el *trivium* y el *quatrivium*. Z (...) asistía a un colegio de la población en el que cursaba las asignaturas de bachillerato y lenguas vivas. X, era de ánimo apocado y pusilánime (...). Z, por el contrario, era un niño de carácter alegre y valeroso, debido a su trato con los compañeros de colegio, a sus frecuentes excursiones por el campo y a los ejercicios físicos que infunden arrogancia y presencia de ánimo. Estos dos niños (...) sufrieron (...) la misma desgracia con la muerte irreparable de sus adorados padres. (...) Los dos desgraciados niños quedaron huérfanos y pobres. (...). X, leía y traducía a Cicerón y a Virgilio y sabía de memoria la vida y milagros de estos y otros inmortales sabios de la antigüedad. Z, sabía poco de estas utilísimas y entretenidas enseñanzas pero conocía las ciencias físicas y matemáticas, leía y traducía y aun chapurreaba la lengua de Shakespeare y la de Fenelon. (Núñez, 1907, p.1).

¹⁸ Ib. (15 de novembro de 1907). La Urbanidad. *Boletín del Magisterio: Órgano defensor de los intereses morales y materiales de los maestros de la provincia* (p. 1.). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

¹⁹ Ib. (25 de outubro de 1907). *X y Z*. *Boletín del Magisterio: Órgano defensor de los intereses morales y materiales de los maestros de la provincia*, (p.1). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

Pese, a que Joaquín Núñez de Couto figura como quen merca o colexio de Vilagarcía, en ningún dos cadros de profesores que hai no AHUS figura como director ou profesor. Temos constancia documental, porén, de que ata o 1904 Bonifacio Fariña foi o director. A posteriori ocupou este cargo Alejandro Cerecedo Millán e só no curso de 1907 ao 1908 ocupa este cargo Rogelio Núñez de Couto, un irmán de Joaquín²⁰. Isto contradíse coas noticias que aparecían naquelas datas na cabeceira *Galicia Nueva*. A continuación mostramos un dos artigos²¹ que se prestaba á propaganda e ao enalzamento do fundador e do seu centro:

(...) al que siendo mi profesor desde las primeras letras hasta la terminación de mis estudios (...) no ha dejado ni un momento de ser amigo cariñoso y consejero desinteresado. Refiérome al director nato de la Colonia Escolar y Colegio León XIII de Villagarcía y Orense. ¿Quién no lo conoce en este negocio? Veintidos años largos dedicado a la enseñanza sin interrupción, con basta cultura y una modestia sin ejemplo (...). Es un verdadero pedagogo. Su vida es la vida de la clase. En ella practica constantemente lo que en los libros aprende en materias de enseñanza, en métodos y en procedimientos educativos. No olvida jamás el principio de que primero es hacer hombres y despues sabios (...). No sale ningún alumno de su clase sin saber la lección, sin penetrarse del sentido de los libros (...) (González, 1907, pará. 1).

A suposta “perfección” no que facer de Joaquín Núñez de Couto choca coa súa ausencia nos cadros de profesores e coa gran cantidade de cartas²² da inspección que atopamos no AHUS dirixidas ao reitor Cleto Troncoso da USC para denunciar a situación do colexio. Estes son algúns dos contidos das enviadas polo inspector Ernesto Caballero: nunha carta do 30 de setembro de 1904 pon en dúbida se realmente é un colexio: [“(...) aunque se anuncian como colegios de enseñanza secundaria son solo verdaderas casas de pensión (...). Sin matricularlos en la enseñanza obligatoria”], noutra do 19 de maio de 1905 apela a dubidosa labor do director: [“(...) aunque en el recorte de periódico del mes de marzo y mayo aparece como director Joaquín Núñez de Couto del Colegio León XIII, no comunicó al Instituto de Orense su traspaso (...). Es necesario llamar la atención del empresario (...)”], na do 23 de xuño de 1905 informa de máis incumprimentos da lei por parte dos responsables da institución educativa

²⁰ Moi probablemente esta discrepancia administrativa estaría ocasionada polo feito de ser nestes momentos Joaquín Núñez de Couto funcionario público como profesor numerario do Instituto de Bacharelato de Ourense.

²¹ González, J.M. (4 de outubro de 1907). La Enseñanza en Villagarcía, op. Cit., (párr. 1). Recuperado do Fondo Local de Vilagarcía de Arousa.

²² Caballero, E. (1904 -1906). [Cartas ao Reitor Cleto Troncoso]. AHUS (S.H. 232, Exp. 14).

[“(...) el director no es Bonifacio Fariña sino Joaquín Núñez de Couto y como no informaron de esto han violado el reglamento (...) Sospecho de que los alumnos de segunda enseñanza no fueron examinados en este mismo colegio, burlando otro decreto”], o 19 de setembro de 1905 informa de que realmente é unha colonia escolar: [“Que el principal objeto del centro docente es una colonia escolar, a la cual puedan acudir temporalmente sus alumnos (...) entran cuando les conviene y se marchan cuando les antoja (...) en la época de los exámenes ni uno solo de los inscritos figura como alumno del colegio”] e na do 16 de agosto de 1906 volve a pór en dúbida a oficialidade deste centro: [“No tiene cuadro de profesores impuesto por el art. 24 del RD 20/07/1900 y R. Orden del 08/11/1904 (...) son verdaderas casas de pensión con alumnos libres, oficiales o de ambas clases”].

Martín Gómez Abal, director do *Colegio San Acisclo* tamén enviou cartas ao reitor para denunciar certas irregularidades. Concretamente, interéanos citar aquí a que escribiu o 11 de agosto de 1908 e na que acusa ao colexio de examinar aos seus alumnos no Instituto de Ourense: “(...) no han echo matrícula y examen de sus alumno en el Instituto de Pontevedra y faltaron al R.D. 26/08/1903 matriculando e examinando a ocho o nueve de sus alumnos en el Instituto de Orense (...). El Sr. Núñez de Couto ha formado parte del tribunal examinador de sus propios alumnos (...)”.

Non era só o Inspector o que poñía de manifesto as irregularidades apreciadas. Na carta do 6 de febreiro de 1909 dirixida ao Reitor por parte de Antonio Ferrín, profesor particular dunha academia de Vilagarcía de Arousa dise:

(...) todo sigue en el mismo y deplorable estado que antes, es decir, continuan colegios particulares dirigidos por profesores numerarios del Instituto y regentadas sus clases por auxiliares del propio centro, anunciándose como tales en periódicos y en todas las formas posibles y que, como es lógico, ejercen una coacción moral y material sobres los padres y alumnos, dentro y fuera del establecimiento oficial de enseñanza, haciendo una propaganda indigna de sus colegios y abandonando la enseñanza oficial que les está encomendada, y así se da el caso vergonzoso de que una clase como de Gimnasia, no se haya dado más que tres veces en el mes de Enero próximo pasado (Ferrín, A., 1909).

A pesar do anteriormente dito, o Colexio anunciábase como innovador. Iso chamounos a atención: Era tal a innovación da que facía propaganda Núñez de Couto no colexio ou o que realmente acontecía e que utilizaba termos adecuados á época dourada e de moda da Pedagogía para atraer a certos sectores da burguesía?

4.2. Filosofía e presupostos formativos

O regulamento do Colexio León XIII do que dispoñemos²³ é o mesmo que o de Ourense. Sabemos isto, porque na portada aparece tachado *Orense* e no seu lugar alguén escribe *Vilagarcía*. O mesmo fai co nome do director, primeiro figura Joaquín Núñez de Couto e logo o tachan e escriben Bonifacio Fariña. Polo tanto, non teremos en conta as fotografías e datos relativos ao extracto de matrícula e lista de alumnado preparado do colexio porque non fan referencia ao Colexio León XIII de Vilagarcía. Non obstante, si que podemos ter en conta para o colexio de Vilagarcía o resto de apartados do antedito documento.

Para determinar a filosofía e presupostos dos colexios analizaremos o apartado *Nuestros propósitos* do regulamento. Nas primeira páxinas informan de que non se esperaban tanto éxito entre a sociedade porque:

(...) la práctica nos ha enseñado que para esta profesión, más que para otra alguna, hecha en su desenvolvimiento con miles de dificultades, ya por el poco interés y abominable abandono en el que desgraciadamente se tiene en nuestra patria la educación de la juventud, ya también, y esto es lo más lamentable, porque no faltan mercaderes que toman como oficio lucrativo este nobilísimo sacerdocio, en el cual no caben términos medios, son necesarias muy especiales condiciones de capacidad y vocación. (Colexio León XIII, 1903, p.2).

De este parágrafo extraemos tres ideas fundamentais:

- Ser profesor era unha tarefa difícil para a cal era necesario ter vocación e capacidade.
- A educación non era debidamente atendida polos mandatarios.
- Había persoas que se lucraban coa educación.

Chama a atención sobre todo esta última idea, porque eles mesmos son un colexio privado que saca beneficios tendo unha escola.

Máis adiante xustifican a razón do seu éxito: “(...) convencidos de que sólo del trabajo honrado y del estudio y conocimiento de las necesidades de la enseñanza y de los métodos educativos, y no de propagandas extemporáneas y vanos ofrecimientos, ha de depender el porvenir (...)” (Colexio León XIII, 1903, p. 4).

Segundo o texto, a clave dos seus bos resultados está no traballo honesto, o coñecemento das necesidades de ensinanzas e os métodos educativos. Poñemos en

²³ *Colegio León XIII Orense: Primera y Segunda Enseñanza y Carreras Especiales*. Orense: 1903. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

dúbida o do traballo honesto, xa que como vimos nas cartas que foron enviadas ao reitor, o colexio de Vilagarcía cometía algunha que outra irregularidade. Así mesmo, chama a atención que aludan á propaganda como algo negativo, cando o Colexio León XIII de Vilagarcía era un dos que contaba con máis propaganda na cabeceira vilagarcí *Galicia Nueva*.

Finalmente, pechan este apartado do regulamento citando o regulamento elaborado no 1900. Deste último destacamos os seguintes parágrafos dos que extraeremos as ideas que consideramos principais aos efectos de falar da filosofía: percibimos un concepto pexorativo da profesión docente e a mesma como unha labor vocacional, xa que: [“Consagrados a la penosa tarea de la enseñanza a la cual nos han llevado la voluntad de dios y nuestra vocación (...)”], móstranos a educación como vía para alcanzar a cidadanía: [“Bríndales el mundo con falsas seducciones; (..) aceptan como bueno aquello que les causa placer, haciendose (...) incapaces de ser con el tiempo ciudadanos y hombres honrados y dignos, útiles a sí mismos, a sus familias y a la sociedad”], tiñan un concepto negativo do estudantado: [“(..) los señores profesores luchan con el excesivo número de sus alumnos a cada cátedra, con la poca preparación que procuran los estudiantes, dejados a si mismos, abandonados a sus propios esfuerzos (...)”], prometen unha educación completa mediante o sistema condutista de premios: [“Queremos, repetimos, ilustrar la inteligencia de los jóvenes con conocimientos sólidos y verdaderos, atraer su voluntar al bien, animándola con el ejemplo y fortaleciéndola con la esperanza del premio (...)”] e por último aluden a termos relacionados coa Pedagogía como garante de calidade na ensinanza: [“Para esto contamos con cuanto exige la moderna ciencia pedagógica como fundamental y necesario”] (Colexio León XIII, 1903, pp. 4-7).

4.3. Amplitude de ensinos e programas escolares

Para abordar o tema dos ensinos, diferenciaremos tal e como o fixo o fundador do colexio no regulamento: 1ª ensinanza, bacharelato e carreiras especiais, clases de comercio, preparatorios e clases de adorno e ampliación.

En canto á primeira ensinanza e ao bacharelato, non atopamos ningún documento que rexistre as materias que impartían. Con todo, podemos supoñer a partir do regulamento, o rexistro de materiais didácticos, as materias que impartían os

profesores (ver apartado 4.6), algunha noticia que apareceu no xornal *Galicia Nueva* e a lexislación educativa ao respecto, cómo sería o programa de materias. Así, no regulamento manifestan o carácter relixioso do colexio e contan cun profesor que é presbítero. Ademais no rexistro de materiais consta que contaban con mapas de Historia Sagrada, polo tanto, imaxinamos que no colexio se impartiría Doutrina Cristiá e nocións de Historia Sagrada. O feito de que tivesen entre o listado de materiais mapas co sistema métrico decimal, de Xeografía e Historia, sólidos xeométricos, compás, cartabóns, piano e diverso material científico fainos supor que poderían impartir aquelas materias que comprendía o RD do 26/10/1901 (Costa, 1989)²⁴: Doutrina Cristiá e nocións de Historia Sagrada, Lingua castelá, Aritmética, Xeografía e Historia, Rudimentos de Dereito, Nocións de Xeometría, Nocións de Ciencias físicas, químicas e naturais, Nocións de Hixiene e fisioloxía humana, Debuxo, canto, traballos manuais e exercicios corporais. A maiores, debido ao entusiasmo que amosan os artigos en *Galicia Nueva* acerca da Ximnasia Hixiénica e os idiomas, posiblemente o alumnado destes cursos tamén tería a oportunidade de asistir a estas outras materias.

No referido aos preparatorios e carreiras especiais tampouco hai ningún documento que dea conta de maneira específica das materias. Soamente sabemos que había preparatorios para Dereito, Medicina, Farmacia, Ciencias e Filosofía e Letras. En troques, en canto as clases de comercio e as de adorno e ampliación atopamos moita información, ben na documentación oficial que facían chegar ao Reitor, ben nos artigos propagandísticos que publicaban. Así pois, no regulamento consideran como clases de adorno e ampliación: praza de taquígrafo mediante oposición, debuxo lineal, de figura e topográfico, modelado, solfexo e idiomas. No que se refire aos idiomas, impartían inglés, alemán e francés. No que concirne ás clases de comercio, un recorte dun artigo de prensa publicado no 1905²⁵, informa de que se imparten clases de Teneduría de Libros (de contabilidade), Aritmética Mercantil, Caligrafía, Xeografía Económica e Economía Política. Ademais, engaden que queren establecer clases de Artes e Industrias para obreiros e Extensión Universitaria mediante conferencias.

²⁴ Costa, A. (1989). Programa e organización pedagóxica. *Escolas e mestres* (p. 67). Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia.

²⁵ Clases de comercio. (1905, Marzo). É un recorte sen información acerca do xornal onde foi publicado e a súa autoría. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

No tocante aos programas e actividades escolares, destacar unha excursión que realizaron a Porto, un intercambio con Francia, a realización conxunta dunha Colonia Escolar entre os Colexios León XIII na vila de Vilagarcía de Arousa e a creación do Batallón Infantil.

En relación á primeira, un recorte²⁶ dun xornal da conta disto:

Ha salido para Oporto una excursión de estudiantes dirigida por los Catedráticos del Instituto general y técnico de Orense Sres. André y Núñez de Couto, director de los “Colegios León XIII de Orense y de Villagarcía. Estas excursiones además del fin científico y artístico que persiguen tienen por objeto establecer relaciones de solidaridad entre profesores de uno y otro reino y lo mismo entre los estudiantes de ambas naciones. Tienen también mucho valor educativo pues los jóvenes, visitando establecimientos docentes, estudiando su organización, museos, bibliotecas, granjas agrícolas, fábricas, fuertes, etc., obligándoles a consignar por escritor sus impresiones, administrarse por si mismos y viajar, adquieren grandes y útiles conocimientos. Estas excursiones son verdaderas lecciones de cosas; lecciones prácticas de muy beneficioso resultado en la vida del individuo, en la vida social y en la vida física. Es esta la primera excursión internacional de carácter científico y pedagógico que se realiza en nuestra región y acaso en España y seguramente no será la última. Les deseamos a los excursionistas un completo éxito.

No referido á segunda, un artigo publicado no Faro de Vigo adicado a Xosé Núñez Búa deixa caer unha pequena información que neste caso nos interesa e chama a ampliar a nosa indagación: “(...) además de tener a su cargo el intercambio estudiantil con Francia (...)”(Viana, 2013, par.2).

No tocante á Colonia Escolar, traemos a colación uns fragmentos das bases²⁷. Aluden á Pedagogía como adianto e garantía de calidade: [“(...) dar a nuestros colegios una organización amplia, conforme con los adelantos pedagógicos modernos (...)”], non era unha colonia escolar filantrópica, senón que fora especificamente creada para os fillos da burguesía: [“Tan generalizadas hoy las Colonias Escolares en otros países más adelantados, apenas en el nuestro aparece alguna que otra, muy rara, cada verano, gracias a los esfuerzos y filantrópicos sentimientos de algunos particulares. Estas Colonias Escolares son únicamente de temporada, sin edificio propio ni personal suficiente para atender a la educación y minuciosos cuidados (...)”], coa adxudicación da

²⁶ Excursión de estudiantes. (s.d.). Recuperado do: AHUS , Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14. É un recorte dun xornal, polo tanto non temos rexistro da data, páxina, autoría nin nome do xornal.

²⁷ *Colegio León XIII en Orense y Villagarcía. Colonia Escolar en Villagarcía*. Pontevedra: 1904. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

palabra colonos ao alumnado, connotando unha idea de aprendizaxe baseado no descubrimento: [“Nuestros colonos madrugarán, se bañarán y darán un paseo matinal, (...) visitarán las embarcaciones que arriban al puerto, enterándose de su nacionalidad, matrícula, puntos de escala, singladuras y velocidad para deducir las distancias y otros problemas económico-geográficos. Visitarán la aduana, casas de Comercio, Agencias consignatarias, fincas y granjas agrícolas y de recreo (...)]. Aínda que o contido expresado anteriormente dá a entender que a iniciativa se fundamenta no dereito do alumnado a gozar do tempo libre, outro fragmento que se nos presenta nas bases da colonia esperta en nós certas dúbidas acerca de se realmente era unha colonia que pretendese o lecer do alumnado ou unha iniciativa que procurase o éxito académico dos estudantes: [“(...)Proporcionar a los padres de familia un centro a donde puedan mandar a sus hijos durante las vacaciones a fin de que en él puedan estudiar las asignaturas en que hayan quedado suspensos, prepararse para ingreso, grados, comercio, carreras especiales, oposiciones, etcétera.”] (Colexio León XIII, s.d., pp. 1-5).

Por último, o Batallón Infantil, no que podían participar tódolos nenos da vila, independentemente se estaban matriculados ou non no León XIII. As primeiras noticias deste batallón promovido por Joaquín Núñez de Couto datan do 1912: “El lunes próximo empezará la instrucción de los alumnos del Colegio León XIII para formar un batallón de Cazadores y una sección de artilleros de montaña. Un ilustrado militar ayudará al director y profesores del colegio en la tarea de instrucción”. (*Galicia Nueva*, 30 de maio de 1915).

Hai varios artigos ata o ano 1916 que dan conta desta iniciativa pretendidamente hixiénica e patriótica. Outra contradición máis entorno ao personaxe de Núñez de Couto, quen defendía modernos postulados da Pedagogía por aquel entón, citando a pedagogos como Pestalozzi, Bion e Fröebel en artigos de *Galicia Nueva* e que acaba, en troques, ligando mandos das forzas militares ao colexio, utilizando a escola como un aparato ideolóxico.

4.4. Cuestións de disciplina e convivencia

Para abordar este apartado analizaremos as bases do regulamento. Nestas, referíndose á ensinanza en xeral, destacamos estes fragmentos que dan conta da disciplina do colexio:

(...) 3ª. La disciplina académica tendrá por base la emulación, siendo el castigo proporcionado a la falta cometida y a la edad del que la ejecute (...) 4ª. Los alumnos obedecerán cuantas disposiciones dicten los Profesores o Inspectores, observando entre sí todos los miramientos y consideraciones propias de buenos compañeros y exponiendo al Director todas las faltas que en este u otro sentido noten. (...) 6ª. El alumno que por quedar detenido en el Colegio no salga a la hora prefijada, será acompañado a su casa por un dependiente que enterará a los padres o encargados del motivo porque ha sufrido el castigo.(...). 11ª. Será expulsado del Colegio el alumno que por su conducta lo merezca, y en este caso se le devolverá la cantidad que corresponda al tiempo abonado de más, sin que pueda reingresar. (Colexio León XIII, 1903, pp. 8-9).

Aínda que ao principio do regulamento non falaban de castigos, imos vendo que nas bases xa aparece a palabra castigo. Concretamente, nas bases da Primeira Ensinanza indican que se adaptará o castigo á etapa madurativa pero non especifican que tipo de castigos consideran “propios” da nenez nin tampouco afondan acerca de qué entenden por unha falta de respecto: “(...) 7º. No se permitirán máis castigos que los propios de la niñez, y se repartirán premios, que consistirán en medallas y diplomas. 8º. Toda falta de respecto será castigada con la expulsión del alumno”. (Colexio León XIII, 1903, p. 9).

Respeto ás normas para os internos chama a nosa atención o non poder dar ou recibir cartas sen o permiso do director e o que é máis grave, que non lles permitían ter obxectos que non fosen para o estudo, aínda que probablemente nisto este colexio pareceríase a calquera outro con internado naquel período:

(...)3º No recibirán visitas sino de sus familias o de las personas autorizadas a tal efecto, y nunca a las horas de clase, no siendo con un motivo urgente. Tampoco les está permitido dar o recibir cartas sin consentimiento del Director. 4º. No se les permite a los alumnos tener dinero en su poder, objetos ni libros que no sean de estudio (...) (Colexio León XIII, 1903, p. 12).

4.5. Edificación e dotación

Os planos²⁸ (ver anexo 1) do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa que se atopan no AHUS datan do 6 de novembro do 1904. Foron enviados por Bonifacio Fariña (director por aquel entonces do centro), dirixidos á inspección coa fin de

²⁸ Fariña, B. (1904). Plano un, dous e tres do Colexio León XIII de Vilagarcía. Recuperados do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

²⁸ Os Campos Elíseos e a actual Avenida do Doutor Tourón. Daquela, estaban situados á beira da liña de costa, a Praza de Abastos, o Casino e a Igrexa Parroquial. Esta praza foi un terreo que quedou baleiro trala desecación das marismas e cuxo propietario: Ramón Martínez “Lamadrid” decidiu donar para uso público. Consultado en: Villaronga, M. (2005). Praza da Igrexa. Op. Cit. (pp. 162-164).

legalizar a situación da institución educativa. Aínda que non figura o espazo que dedicaban ao patio de recreo podemos ver cuántos metros cúbicos dedicaban a cada habitáculo no interior do edificio. Así, preséntasenos a arquitectura do colexio en tres planos diferentes que corresponden a cada piso. Tiñan tres aulas, dúas instalacións comúns, unha cociña, dous baños e doce habitacións para os internos. Todo isto coa distribución e extensión que pasamos a describir a continuación.

Na planta baixa (ver anexo 1: fotografía 1) o plano ofrécenos información precisa da dirección e situación do colexio: Praza dos Campos Elíseos²⁹. Así mesmo, consta que ao lado do colexio hai unha horta, pero non sabemos se era propiedade do centro. A continuación, para cada planta do edificio elaboramos unha táboa para expoñer de maneira clara os metros cúbicos que lle adicaban a cada espazo na planta baixa e o número de fiestras:

Táboa 1: Relación de espazos, metros cúbicos e fiestras na planta baixa

Espazos e metros cúbicos	Fiestras
Salón 1ª Ensinanza con 196 m3	3
Aula con 112 m3	3
Comedor con 64 m3	1
Cociña con 64 m3	1

Fonte: Elaboración propia a partires da documentación do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

Táboa 2: Relación de espazos, metros cúbicos e número de luces na segunda planta

Espazos e metros cúbicos	Luces
Secretaría con 52,50 m3	1
Dúas habitacións de internos con 42m3	1 (cada unha)
Habitación de internos con 43m3	1
Sala de 97,40m3	3
Dúas habitacións para a familia do director cun total de 120,75m3	4
Habitación de internos con 52,50m3	1
Clase Historia Natural con 63m3	1
Habitación para o camareiro de 36,75m3	1

Fonte: Ib.

Táboa 3: Relación de espazos, metros cúbicos e número de luces na terceira planta

Espazos e metros cúbicos	Luces
Habitación para a criada con 12m ³	1
Oito habitacións para internos con 12m ³ cada unha	Unha luz cada unha

Fonte: lb.

Como poderá observar o lector nos planos, tódolos espazos estaban situados de maneira que recibiran o máximo de luz natural. Temos claro que a planta baixa era luminosa, porén no caso do segundo e o terceiro piso non. O debuxo do plano cambia a denominación *ventana* por *luz*, representándoa graficamente da mesma maneira. Outro aspecto a destacar é que contaban con aseo tanto na primeira e a segunda planta e soamente cun roupeiro na segunda.

Atendendo ás táboas elaboradas, no colexio habería un total de 451m³ dedicados á ensinanza (aulas), sen contar a secretaría (porque descoñecemos se alí se impartían clases) e tamén o salón da segunda planta que consideramos que sería para o lecer do alumnado. Se estes dous espazos foran utilizados para a ensinanza os metros cúbicos aumentarían considerablemente a 600,3m³. No tocante ao espazo destinados aos dormitorios dos alumnos constan un total de 275 m³ e un total de 445m³ se contamos os dormitorios do persoal do centro (camareiro, criada e a familia do director).

Ademais destas fontes documentais contamos con fotografías da colección privada de Daniel Garrido Castroman³⁰ (ver anexo 2). Non podemos comparar os planos coas fotografías, porque estas últimas son posiblemente dunha época posterior do colexio. Con todo, estes documentos son de especial interese para analizar a arquitectura e os materiais didácticos. No tocante á primeira, aínda que probablemente non sexa o mesmo edificio que o representado por Bonifacio Fariña nos planos, achega información sobre o concepto de ensinanza que tiña, polos menos o seu fundador. No referido ao segundo, interésanos ter en conta os materiais didácticos que aparecen nas fotografías, pois poida que estes xa estivesen no primeiro edificio do colexio.

Atendendo ás fotografías do exterior (ver anexo 2: fotografías da 4-8), o edificio ten unha arquitectura que non semella dun colexio senón dunha vivenda. Grazas a un

³⁰ Daniel Garrido Castroman é o fillo do último director que tuvo o Colexio León XIII: Jesús Garrido.

cartel que ten na fachada (no que aparece escrito *Colegio León XIII*) o identificamos como tal. Conta con varias fiestras e portas, polo tanto podemos supoñer que os espazos contarían con abonda luz. A pesares de que non sabemos se segue a ser o edificio onde se fundou a institución educativa, tanto as fotografías como os planos coinciden nesta luminosidade.

No que atinxe á dotación de material, temos dúas follas de rexistro³¹ elaboradas por Bonifacio Fariña que datan do 21 de novembro do 1904. Recollen toda unha serie de materiais que tiñan para a materia de Historia Natural e tamén para a ensinanza en xeral. No tocante á primeira constan un total de 111 obxectos. Unha gran cantidade destes pertencen ao mundo animal, tales como: unha coralina da Ría de Arousa, un arao papagaio, unha marta, unha sapoconcho mariño, unha donicela, unha sardiña, unha troita, unha camisa de cobra, un neuroesqueleto de peixe e outro de rá e un corzo. Tamén figuran dentro desta colección ferramentas empregadas para a experimentación, a saber: picos e coitelos. Así mesmo, rexistra tres coleccións de crustáceos, insectos, minerais, cunchas de mar, corais e fungos. No que atinxe ao material propio de ensinanza, elaboramos catro táboas onde se mostran todos os materiais rexistrados, diferenciando entre mobiliario e outros materiais, mapas, láminas e materiais de Xeometría.

Táboa 4: Mobiliario do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa

Mobiliario	Outros
10 pupitres	Unha esfera terrestre
6 taboleiros de madeira	Un sol celeste
2 taboleiros de hule	Atlas de ferramentas, indumentaria, construcións
4 mesas para o profesorado	Dous métodos de solfeo
2 mesas para debuxo	Piano

Fonte: Elaboración propia a partir da documentación do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

³¹ Fariña, B. (1904). Follas de rexistro. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

Táboa 5: Mapas do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa

Mapas
Dúas coleccións de mapas xeográficos
Mapa de España
Mapa da Historia de España
Mapa do Imperio Romano
Unha colección de mapas da Historia Sagrada
Mapa de pesas e medidas do sistema métrico decimal
Mapa celeste
Mapa físico de España
Mapa de vías de comunicación de España (ferro e Otelegrafía)
Mapa de Galicia
Dous mapas de Pontevedra e Ourense de Coello
Un mapa do Arcebispado de Santiago

Fonte: Ib.

Táboa 6: Láminas e materiais de Xeometría do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa

Láminas	Materiais de Xeometría
Unha colección de Historia Natural iluminados	Caixa de sólidos xeométricos
Unha colección de carteis de 1ª Ensinanza	Un compás
25 láminas de debuxo lineal	Tres cartabóns
25 láminas de debuxo de figura	
Cinco láminas de debuxo topográfico	

Fonte: Ib.

En canto á colección de fotografías de Daniel Garrido Castroman, como dixemos antes, pensamos que estas pertencen a unha etapa posterior do colexio. Aínda así, é de interese para a nosa pequena indagación facer unha breve análise, pois como dixemos anteriormente, tanto a arquitectura como os materiais poden darnos importantes informacións. Ademais, nalgunhas das imaxes apreciamos certas diferenzas que poidan deberse ás diferentes épocas nas que foron tomadas. Así, na aula de Xeografía e Historia (ver anexo 2, fotografías 9-11) podemos observar dous momentos históricos. Nun primeiro momento (ver fotografía 9 e 10), a aula dispón de mesas planas con cadeiras con respaldo ao redor, non hai ningún obxecto con

simboloxía relixiosa e nunha das esquinas hai un pequeno moble cunha esfera armilar. Nun segundo momento (ver fotografía 11) as mesas son máis estreitas e inclinadas e a súa disposición é en ringleira. En vez de cadeiras con respaldo hai bancos e en troques do pequeno moble ca esfera hai unha vara. Na parede frontal hai unha cruz de simboloxía católica. Destaca tamén un mapa en relevo, tal e como os elaborados por Vicente Fraiz Andón no 1909³².

Ao igual que no anterior caso, na aula de Física e Química percibimos dúas diferentes configuracións (ver anexo 2, fotografías 12-14). Unha primeira na que non hai mesas en ringleira senón mesas de laboratorio con moito material de experimentación exposto en estantes, nas propias mesas e nunha libraría; e unha segunda onde a disposición é en ringleira e a mesma libraría conta con moitos menos materiais que na anterior fotografía. Nesta última imaxe aparece un crucifixo. En vez das mesas de laboratorio poñen no seu lugar a mesa do profesor.

4.6. O profesorado

No tocante ao profesorado contamos con rexistros de dous cursos: o de 1904-1905 e o de 1907-1908³³. No primeiro non fan constar o número de alumnos mentres que no segundo si o fan.

Atendendo ao cadro de profesores elaborado por Bonifacio Fariña o 21 de setembro de 1904 podemos saber quen eran os mestres e que materias impartían:

Táboa 8: Cadro de profesores para o curso 1904-1905

Nome	Estudios	Materia que impartía
Bonifacio Fariña	Presbítero	Lingua Castelá, Latín e Relixión
	Licenciado en Filosofía e	Xeografía e Historia, Perceptiva e Historia da
Ernesto Ortiz	Letras	Literatura
Juan Gándara	Avogado	Aritmética e Xeometría, Álgebra e Trigonometría
Hermenegildo		
Carrete	Non consta	Profesor de Lingua Francesa
Charles Lessner	Enxeñeiro químico	Lingua Inglesa e Química
Miguel Abalo	Avogado	Psicoloxía e Lóxica, e Fisioloxía e Hixiene Física

³² Mapa orográfico e hidrográfico de Galicia elaborado por Vicente Fraiz Andón, director da Escola Normal de Mestras de Santiago de Compostela. Recuperado de: <http://jaeinnova.wordpress.com/tag/vicente-fraiz-andon/>

³³ Cadros de profesores. Curso 1904-1905 e 1907-1908. Recuperado do AHUS, Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

Juan Lledó	Non consta	Música
Daniel Porto Rial	Non consta	Debuxo
Santiago Amigo	Mestre normal e bacharel	Ximnástica Hixiénica, Caligrafía e mestre de Primeira Ensinanza

Fonte: Elaboración propia a partires da documentación do AHUS

Ao contrario que no cadro de profesores anterior, o do curso 1907-1908 feito por Alejandro Cerecedo Millán (director durante este curso) non especifica qué materias imparte o profesorado e soamente nos proporciona o nome do profesor, procedencia e profesión:

Táboa 9: Cadro de profesores para o curso 1907-1908

Nome	Procedencia	Profesión
Alejandro Cerecedo Millán	Ourense	Mestre
Bonifacio Fariña	Moraña	Presbítero
Santiago Amigo Garán	Santiago	Mestre normal
Juan Gándara Rivas	Vilagarcía	Licenciado en Leises
Miguel Abalo García	Vilagarcía	Ídem
Roque Carús Falcón	Vilagarcía	Licenciado en Medicina
César Moreno García	Madrid	Licenciado en Filosofía e Letras
José María Abalo Abad	Vilagarcía	Profesor Mercantil
Leandro Saralegui Amado	Ferrol	Licenciado en Ciencias
Manuel Pérez Diéguez	Verín	Mestre superior

Fonte: lb.

Comparando as dúas anteriores táboas podemos observar que non se manteñen os mesmos profesores no centro escolar, non sendo: Bonifacio Fariña, Juan Gándara, Miguel Abalo e Santiago Amigo.

No último cadro de profesores, Alejandro Cerecedo Millán fai constar tamén o número de alumnos para cada ensinanza e os seus datos persoais (nome, apelidos e procedencia). Así, habería dez profesores para un total de noventa alumnos: sesenta e catro alumnos de Primeira Ensinanza (dos cales catro eran mulleres), un alumno de Francés e Literatura, dezanove alumnos en 2ª ensinanza, tres en carreira especial, un en preparatorio, un preparándose para mestre superior e outro para comercio. Isto é, haberá que pensar que a maior parte do profesorado tiña distintas dedicacións horarias, que poderían combinar con outros traballos fóra do colexio.

Estes datos témolos que cotexar co rexistro de profesores que ten elaborado Daniel Garrido Castroman³⁴, comprendendo un período temporal máis acó do ano 1936. A continuación elaboramos unha táboa baseándonos naqueles que chamaron máis a nosa atención:

Táboa 10: Cadro de profesores

Nome	Profesión ou Estudos	Materia
Hermenegildo Carrete	General carlista	Profesor de Francés
Leandro Saralegui	Licenciado en Ciencias Exactas e en Dereito	Profesor de Matemáticas para carreiras militares e civís
	Comandante de Infantaría da Mariña	
Jesús Frutos Diéguez	Tenente Coronel retirado	Non consta
Julio de la Peña y García	Corpo Pericial de Aduanas	Profesor de Matemáticas
Darío G. Varela	Oficial do Exército	Non consta
Gerardo Bernández	Non consta	Profesor do Batallón León XIII
Sopkowky	Non consta	Profesor de Alemán
Ramón Otero Torres	Boticario	Profesor de Física e Química de de Historia Natural
Manuel Rodríguez Castelao ³⁵	Non consta	Profesor de Xeometría
José Vallo Salgado	Médico da Armada	Profesor de Fisioloxía e Hixiene e Anatomía
Valentín Viqueira Barrio	Militar retirado	Profesor de Física
Celestino Noya Rodríguez	Licenciado en Letras	Profesor de Xeografía
Aquilino Iglesias Alvariño	Non consta	Profesor de Latín e Lingua Castelá

Fonte: Elaboración propia a partir da colección privada de Daniel Garrido Castroman.

³⁴ Daniel Garrido Castroman ten elaborada toda unha serie de documentación basándose nas súas experiencias, nas lembranzas de seu pai, cabeceiras de xornais da vila e outros documentos).

³⁴ Manuel Rodríguez Castelao era curmán do famoso escritor rianxeiro. Faleceu o 23 de abril de 1937 tralo asalto fascista ao bou “Eva” no que pretendían fuxir dende o peirao do Berbés. Foi o maior suicidio colectivo da Guerra Civil, foi silenciado polo franquismo e escasamente difundido. Recuperado de: <http://www.farodevigo.es/opinion/2012/04/30/bou-eva/644708.html>

Grazas a este rexistro podemos completar informacións que faltaban nos cadros elaborados por Bonifacio Fariña e Alejandro Cerecedo. En xeral, podemos ver novos nomes que non estaban nas outras táboas, debido a que posiblemente Daniel Garrido rexistrou profesores de diferentes etapas do colexio. Así mesmo, parece ser que a maioría das persoas que impartían clase non tiñan unha formación específica para iso.

Tamén é necesario destacar as informacións complementarias que nos achega acerca de Hermenegildo Carrete e Leandro Saralegui. Acerca destes, nos rexistros oficiais non constaban con precisión as súas profesións ou estudos, que son respectivamente: xeneral carlista o primeiro e comandante da Infantería da Mariña o segundo. Isto chamou a nosa atención: Por qué os directores de comezos do século XX do Colexio León XIII non fixeron constar estes datos? Esperta en nós unha inquedaanza o feito de que houbera un número importante de profesores que estivesen ligados ao mundo militar e a importante carga de materias relacionadas coas ciencias e as linguas modernas: inglés, francés e alemán.

4.7. Mediación didáctica

Segundo Rosales (2009)³⁵, a Didáctica ocúpase da ensinanza e engloba múltiples dimensións: a material, a organizativa, a funcional ou a social, con atención a múltiples cuestións como as características dos seus órganos de goberno, dos documentos de planificación da actividade, do clima interno, das relacións cos pais/nais e a súa entorna, ademais dos centrais procesos de ensino-aprendizaxe. Por elo para abordar este apartado, faremos unha hipótese de cómo sería a ensinanza no Colexio León XIII de Vilagarcía baseándonos nos apartados que antes explicamos. Nun primeiro momento imos abordar a dimensión material, logo a relacional, e finalmente a social interna.

En primeiro lugar, observando os planos do colexio (ver anexo 1) podemos concibir a dimensión material. Así pois, a arquitectura do colexio caracterízase por ter corredores, aulas e habitacións. Soamente hai un espazo dedicado á reunión grupal informal, pero aínda así parécenos que é moi importante a súa existencia, xa que sería un lugar onde como diría Rosales (2009) se favorecería a comunicación formal,

³⁵ Rosales, C. (1999). Introducción (p. 9) y La enseñanza escolar (pp. 81-99). *Didáctica: innovación en la enseñanza*. Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas.

informal, xerárquica e horizontal. Porén, non podemos facer hipóteses concluíntes acerca das aulas e mobiliario que observamos nas fotos de Daniel Garrido (ver anexo 2), xa que posiblemente sexan dunha época posterior do colexio que aquí non estamos abordando, pero que sería interesante tratar nun futuro, xa que podemos ver aulas destinadas a determinadas materias como son a física, a química ou a xeografía. Seguundo o inventario realizado por Bonifacio Fariña no 1904, podemos imaxinarnos que o mobiliario non sería suficiente para tódolos alumnos. Podería ser que tamén parte do mobiliario que aparece nas fotografías de Daniel Garrido fose do antigo Colexio León XIII, sería necesario seguir indagando acerca disto, pois vendo a disposición das mesas e cómo aparecen sentados os alumnos (ver no anexo 2 a fotografía 10), parece que os profesores buscaban unha metodoloxía de traballo grupal.

En segundo lugar, podemos supor que o colexio buscaba unha relación co contorno, ou polo menos así o tratan de reflectir no xornal *Galicia Nueva* e nas Bases da Colonia Escolar que xa citamos nestes traballo. As que mostramos a continuación fan referencia á relixiosidade, á recadación de diñeiro para a bandeira do batallón, á unha excursión ao pobo veciño de Rianxo e á cooperación da familia na participación do alumnado nas actividades extraescolares:

La festividad del Sacramento. A este acto concurrirán unos cuarenta niños con trajes de angelotes y de primera comunión. Asistirán también, si las necesidades del servicio no lo impiden, las fuerzas francas de marinería del guardapesca “Dorado” y el Batallón infantil “León XIII”. (*Galicia Nueva*, 15 de xuño de 1915).

Se comenzará una suscripción popular con objeto de recaudar fondos para confeccionar una bandera para el Batallón. (*Galicia Nueva*, agosto de 1915).

Habiendo sido invitados por el alcalde de Rianjo, don manuel Pérez, el Batallón Infantil León XIII, para la fiesta de los Dolores, este se puso en marcha (...) embarcando en la lancha-motora que los condujo a Rianxo con un feliz éxito, debido al estado bonancible de la mar. Tan luego estos llegaron a Rianxo fueron recibidos por las autoridades del pueblo, música y disparo de bombas. (...)Fueron obsequiados en la Casa Consistorial con pastas y licores. (*Galicia Nueva*, 1915).

Los organizadores de este batallón encarecen muy sinceramente a todos los padres de los niños que les obliguen a no dejar de asistir los martes y sábados a las cuatro y media a practicar los

ejercicios de instrucción y gimnasia con objeto de que revistan toda su perfección el día del festival. (*Galicia Nueva*, 30 novembro de 1915).

Finalmente en relación á dimensión social interna valoraremos o tamaño do centro en relación ao número de alumnado e a natureza das relacións entre alumnos e profesores. En canto ao primeiro, soamente temos datos da matrícula escolar do curso 1907-1908, no cal se matricularon 90 alumnos en total, dos cales a maioría cursaban primeira ensinanza. Tendo en conta o número de alumnos e os planos do colexio, podemos supor que o colexio estaría bastante masificado. Como sabemos, en institucións educativas con moito alumnado as relacións tenden a ser frías e de carácter formal. Dan conta da relación entre alumnos-profesor os seguintes testemuños:

Manuel Lustres Rivas escribe un artigo³⁶ en *Galicia Nueva* recordando ao seu amigo da adolescencia John Trulock:

John era un rapaz todo candor. Lloró cuando don Roque, el arisco y sabio profesor de Física le reñía porque se le atascaba una ley de óptica. Se afligía cuando la lección de psicología le complicaba su simplísimo concepto de la vida y de las gentes. Un gesto fosco de don Joaquín, una sonrisa irónica de don Alejandro, el sonido bronco y metálico de la voz de don Gerardo...hasta las reprensiones melífluas del capellán atormentaban al escolar. (Lustres, 1999)

Carlos Comendador lembrando ao profesor Núñez Búa:

Don José tenía fama de duro en el Colegio, y yo que fui uno de sus muchos alumnos, tengo que reconocer que era la única manera que tenía para aplacar la barbarie que reinaba en sus aulas. Como ejemplo, cuando hacía calor y se abrían las ventanas del edificio que daban al patio interior, la tranquilidad era frecuentemente interrumpida por petardos lanzados por los gamberros hacia dentro del edificio. (Viana, 2013, pará. 10)

5. XOSÉ NÚÑEZ BÚA: A FORMACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS PROFESORES

Xosé Núñez Búa, sobriño de Joaquín Núñez de Couto, naceu no 1897 en Tenorio (Pontevedra). Adicámoslle este epígrafe porque conxuga todos os elementos chave para representar a todos aqueles profesores que non só se dedicaron á ensinanza senón tamén a outras labores como poden ser: o xornalismo, a investigación, a política e a pedagogía.

³⁶ Lustres, M. (24 de febreiro de 1908). Los pájaros de la guerra: El aviador inglés de Juan Trulock. *Galicia Nueva* (sen páxina).

Núñez Búa trasladouse ao León XIII no 1923 para dirixir o colexio de seu tío: Joaquín Núñez de Couto. Alí, combinou o seu traballo como director e profesor coa actividade xornalística, publicando artigos en xornais como “A Nosa Terra”, “Céltiga”, “Roteiro”, “Nós”, “Galicia Nueva”, etc. Incluso chegou a ser correspondente na comarca do importante xornal “El Sol”³⁷. No exilio en Bos Aires continuou coa súa prolífica actividade, cooperando nas emisións radiofónicas da BBC inglesa no “Galicia Programa” e nas publicacións de “Galeuzka”, “A Nosa Terra”, “Galicia Libre” e “Galicia Emigrante”. É de especial interese para nós un valioso artigo publicado en *Vieiros*³⁸.

No mesmo liga a ensinanza na aula como ferramenta para espertar a sensibilidade da realidade política dos alumnos: [“En canto aos feitos sociais, soamente é posible chegar ao seu miolo, ao seu coñecemento certo, intrínseco, vendo, escoitando, ulindo, apalpando. Hai que meterse no medio das realidades concretas para aprehender intelectualmente mediante os sentidos. Convén non esquecer o aforismo aristotélico-escolástico difundido por Locke (*nihil est in intellectu quod prius non fuerit in sensu*) e reivindica unha educación ampla de miras que podemos ligar coa Pedagogía Social, xa que fala do papel educador da comunidade. Ademais tamén fai referencia a algúns dos métodos de ensinanza:

Non abonda para poder apreciar os elementos en calquera cuestión política (...) co que ensina o mestre e o alumno aprende na aula, empregando, claro está os termos mestre e aula nun sentido amplísimo: a sabia docencia, a biblioteca silandeira, o laboratorio experimental, a aprendizaxe de técnicas, o seminario experimental... Compre completar e ás veces cambiar a información da aula ca que se adquire por si mesmo no camiño dinámico e popular, coa que ao pleno aire entra polos ollos, oídos, por tódolos sentidos do corpo e que, despois o intelecto examina, estima, compara, avalía...(Núñez Búa, 1968, par. 3).

En apoio das ideas anteriores cita exemplos concretos de escola onde se levan a cabo esas andainas: [“Tres meses do ano adicaban os discípulos da *Satavagraha* (...) creada polo xenio místico de Gandhi, (...). E os alumnos das escolas danesas para adultos, as *folkehöjskoler*³⁹, creadas pola fe luminosa do poeta e historiador Grundtvig

³⁷ Viana, V. (14 de Xullo do 2013). Núñez Búa, un galeguista comprometido en Vilagarcía. *Faro de Vigo*. Recuperado de:

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/07/14/nunez-bua-galeguista-comprometido-vilagarcia/845306.html>

³⁸ Núñez Búa, X. (1968). Aula e camiño. *Vieiros*. Vigo: A Nosa Terra Edicións.

³⁹ Sobre as *folkehöjskoler* Núñez Búa falou sobre elas nos Cursos de Extensión Escolar celebrados o 29 de xullo e o 24 de agosto de 1935, recuperado de: Costa, A. (1983). *Aproximación a la historia de la*

(...). A República Española creou no 1932 as *Misiones Pedagógicas* (...) pero a viaxe foi só de ida. Para ser completo faltou o de volta”], fai unha crítica construtiva ás Misiones Pedagógicas: [“Ademais de ensinar, facía falla aprender a recoller os froitos da cultura popular, a descubrir as arelas que están vivas nas xentes (...)”] propón qué se debería facer nas institucións educativas ao respecto: [“En cada escola normal ou técnica e en cada facultade deberá haber un centro de traballo encargado de dirixir a investigación da realidade da rexión en que aquela está situada e de por en contacto, ordeada e libremente (...) aos estudantes co país no que moran (...)”].

Viana (2013)⁴⁰, destaca a labor de Núñez Búa como investigador no Seminario de Estudos Galegos na sección de Etnografía. Nesta, colaborou para a recuperación de material para o Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galicia da revista Nós. Como político, destaca a súa actividade tanto no ámbito local como provincial. No 1924 chegou a ostentar o cargo de concelleiro de Vilagarcía e no 1936 foi nomeado vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra. Ano no que tivo que escapar por mor das represalias franquistas. Porén, polo que realmente pasou a historia foi pola súa labor galeguista. Formou parte da Irmandade Galega de Vilagarcía⁴¹. A partir do 1931, realiza numerosos mitins e escritos, xunto a políticos e intelectuais como: Otero Pedrayo, Paz Andrade, Castelao, Lisardo Díaz, Fermín Bouza Brey, Jesús Garrido, Luis Villaverde, Alexandre Bóveda, etc.

Como pedagogo destacou non só pola súa actividade no Colexio León XIII senón tamén polo intenso rebulir que xerou na vila: no 1927 creou a primeira Biblioteca Popular Municipal, organizou no Casino unha Exposición de Arte Galego no 1928 para recadar fondos para a antedita biblioteca, e en novembro de 1931 presentou un ciclo de conferencias con Antonio Iglesias Vilarelle, Cruz Gallástegui, Pedret Casado e Daniel de la Sota.

enseñanza primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX: 1898-1936 (Tese) (3), pp. 600-603. Universidade de Salamanca: Salamanca. Tamén abordou o mesmo tema nunha Conferencia pronunciada no Ateneo Luís Bello de Rosario (Arxentina). Recuperado de: Núñez, X. (1939, Setembro 2). Escuelas populares de adultos. [Publicación para a conferencia]. Colección particular de Antón Costa.

⁴⁰ Viana, V. (14 de Xullo do 2013). Núñez Búa, un galeguista comprometido en Vilagarcía. *Faro de Vigo*. Recuperado de: <http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/07/14/nunez-bua-galeguista-comprometido-vilagarcia/845306.html>

⁴¹ Creada no 1931 e que constitúe a fundación do Partido Galeguista. Nese mesmo ano, participa nos actos pro autonomía.

No que atinxe ao Colexio León XIII, Viana (2013) fai referencia a que foi responsable dun intercambio estudantil con Francia, que habilitou un local para a fundación “Ultreia” onde o alumnado podía ir a practicar boxeo e xogos despois das clases, que levaba ao alumnado de excursión para dar clase de Ciencias Naturais no exterior das aulas e que foi secretario da Asociación de Ensinanza Privada de Galicia⁴².

A través dunha carta que lle dirixiu en 1978 ao profesor Antón Costa⁴³ dende o seu exilio político arxentino por mor do réxime franquista temos máis información acerca da súa incansable actividade: [“...yo con Alonso Ríos, (...) el inspector de escuelas de la Coruña, Rozas, y creo que también “Roxerius”, inspector de Pontevedra, y no se si alguien más, estábamos encargados de la Sección de Pedagogía del Seminario, de estudiar las bases para la organización de la escuela rural gallega...”], do que aconteceu realmente cando marchou do colexio: [“Todo lo retenido quedó en libros y papeles que, a mi salida de ahí, (...) Aquilino Iglesias Alvariño, sucesor mío en el Colegio León XIII de Villagarcía (...) hizo desaparecer, por pertenecer a un rojo, y temer represalias contra el establecimiento”], da súa labor investigadora na Pedagogía [“Yo dicté en ese curso de verano, organizado para maestros en 1935, una conferencia sobre escuelas populares de adultos (...)”] e danos a súa opinión acerca do Colexio León XIII: [“El Colegio de Villagarcía que yo, muy joven entonces, dirigí unos años, era un incorporado que escoñaba a los chicos preparándolos para estúpidos exámenes, no para la vida gallega”], confirma que realizaban actividades no medio natural: [“Sí hacíamos excursiones por la comarca del Salnés y por las Rías Bajas. Andábamos nuestra tierra cantando canciones que luego fueron recogidas en un pequeño librito por Ultreya”], e tamén que a positiva iniciativa dalgúns colexios se veu abaixo cando Álvaro de las Casas truxo a idea falanxista dos batallóns: [“(...) la que pudo a llegar a ser una promisoría renovación del galleguismo nacionalista, pero que al fin estropeó Álvaro de Las Casas, luego de un viaje a Italia, de donde, dado él a uniformes y

⁴² A Asociación Rexional de Ensinanza Privada comeza o seu proceso organizativo no 1933. Pretendían coordinar a actividade dos colexios libres de Galicia que pretendían situar na órbita da Escola Nova. Propoñíanse levar a cabo excursión, cursillos de conferencias, intercambio escolar co estranxeiro, cursos de verán en Vigo e A Coruña, biblioteca circulante e a creación dun “montepío” do maxisterio privado. Consultado en: Costa, A. (1983). *Aproximación a la historia de la enseñanza primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX: 1898-1936* (Tese de Doutoramento) (Tomo 3º), pp. 696-698. Universidade de Salamanca: Salamanca.

⁴³ Costa, A. (6 de decembro de 1978). [Carta de Núñez Búa a Antón Costa dende o exilio político arxentino por mor do réxime franquista]. Copia en posesión.

botaratadas, regresó *enfeitizado* por los balillas. Cuando irrumpieron las hordas del Glorioso Movimiento, algunos mozos de Ultreya, y desde luego su mentor, Álvaro de Las Casas, se hicieron camisetas azules”].

6. CONCLUSIONES

Atendendo ao que fomos expoñendo neste traballo, facemos as seguintes conclusións:

- 1- As clases que se impartían no colexio estaban moi ligadas ás necesidades laborais dos altos cargos do porto e o comercio.
- 2- Era unha educación elitista que procuraba a separación de clases sociais, pois ao respecto crean unha colonia escolar específica para os fillos da burguesía.
- 3- Interese dos pais/nais porque os seus fillos progresaran nos seus estudos, matriculándoos nas clases particulares de verán que se impartían na Colonia Escolar.
- 4- Colexio con modelo educativo empirista, fundamentado nas ciencias e as linguas vivas, sen dúbida adaptado ás futuras profesións que desenvolverían no porto e no comercio.
- 5- A Pedagogía por aquel entón gozaba de recoñecemento social entre as elites e era sinal de calidade.
- 6- Utilización do Colexio León XIII como aparato ideolóxico do estado ao realizar Batallóns Infantís, onde se infundía o patriotismo nos máis cativos.
- 7- Foi unha escola aberta en relación co seu medio polas diferentes iniciativas que levaban a cabo no seu entorno.
- 8- Que a labor desempeñada por algúns profesores, neste caso, Xosé Núñez Búa e pouco recoñecida e deberían revalorizarse, xa que era un dinamizador do seu medio, indagaba acerca da educación e defendía aqueles ideais nos que cría.

7. REFERENCIAS DOCUMENTAIS

Anónimo. (20 de Maio do 1878). En dos palabras: sobre el conflicto religioso de Villagarcía. *Diario de Santiago*, p.1. Recuperado de:

http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/publicaciones/numeros_por_mes.cmd?idPublicacion=93&anyo=1878

Bragado, M. (30 de abril do 2012). Bou "Eva". Recuperado de:

<http://www.farodevigo.es/opinion/2012/04/30/bou-eva/644708.html>

Costa, A. (1983). *Aproximación a la historia de la enseñanza primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX (1898-1936)* (Tese de Doutoramento) (3º Tomo), (pp. 600-603). Universidade de Salamanca.

Costa, A. (1989). *Escolas e mestres*. Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia.

Costa, A. (6 de decembro de 1978). [Carta de Núñez Búa a Antón Costa]. Copia en posesión.

Fundación BBVA. (2007). *Cuadernos Fundación BBVA: Población*. Recuperado de:

http://www.fbbva.es/TLFU/dat/cd_25_poblacion_pontevedra_web.pdf

Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14. AHUS.

González, J.M. (4 de outubro de 1907). La Enseñanza en Villagarcía, op. Cit., (pará. 1). Fondo Local de Vilagarcía de Arousa.

López, L. (27 de marzo do 2014). Propuestas para renovar el material científico del instituto de Ourense entre 1906 y 1910. [Web blog]. Recuperado de:

<http://jaeinnova.wordpress.com/tag/vicente-fraiz-andon/>

Lustres, M. (24 de febreiro de 1908). Los pájaros de la guerra: El aviador inglés de Juan Trulock. *Galicia Nueva* (sen páxina).

Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes. *Estadística Escolar de España en 1908*, vol. II. pp. 638-639 e vol. III. (pp. 250-251). Madrid: Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico.

Núñez Búa, X. (1968). Aula e camiño. *Vieiros*. Vigo: A Nosa Terra Edicións.

Núñez, J. (15 de novembro de 1907). La Urbanidad. *Boletín del Magisterio: Órgano defensor de los intereses morales y materiales de los maestros de la provincia* (p. 1.). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

Núñez, J. (15 de novembro do 1899). Para el Sr. Ministro de Fomento. *Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza* (p.1). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

Núñez, J. (25 de outubro de 1907). X y Z. *Boletín del Magisterio: Órgano defensor de los intereses morales y materiales de los maestros de la provincia*, (p.1). Arquivo da Deputación de Ourense: Fondo Ben Cho Sey.

Núñez Búa, X. (1939, Setembro 2). Escuelas populares de adultos. [Publicación para a conferencia]. Colección particular de Antón Costa.

Núñez Búa, X. (1999). *Revoeira*. Vigo: Ir Indo Edicións.

Obelleiro, L. (1996). Idade Contemporánea, século XIX. En Carballo, F. (Coord.), *Historia de Galicia* (pp. 189-230). Santo Tirso: Norprint.

Programas culturais do Patrimonio de Villagarcía:

file:///C:/Users/usuario/Downloads/programas_culturais_da_nosa_historia.pdf

Rosales, C. (1999). *Didáctica: innovación en la enseñanza*. Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas.

Viana, V. (14 de xullo do 2013). Núñez Búa, un galeguista comprometido en Vilagarcía.

Faro de Vigo. Recuperado de:


<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/07/14/nunez-bua-galeguista-comprometido-vilagarcia/845306.html>

Villaronga, M. (2005). *A Vilagarcía das vellas postais: un paseo crítico pola vila que quería ser cidade (1900-1936)*. Vigo: Artes Gráficas Vicus.

ANEXOS


Anexo 1: Planos do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa

Fotografía 1: Planta baixa




Fonte: AHUS. Fondo Universitario de Colexios Privados S. XIX-XX, cartafol 232, expediente 14.

Fotografía 2: Segundo piso



Fonte: lb.

Fotografía 3: Terceiro piso



Fonte: lb.

Anexo 2: Fotografías da colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 4: Fachada do Colexio León XIII



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 5: Lateral do Colexio León XIII



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 6: Lateral do Colexio León XIII



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 7: Patio visto dende a entrada



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 8: Patio visto dende o fondo



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 9: Aula de Xeografía



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 10: Aula Xeografía



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 11: Aula Xeografía



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 12: Aula de Física e Química



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 13: Aula de Física e Química



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

Fotografía 14: Aula de Física e Química



Fonte: Colección privada de Daniel Garrido Castroman

